MOSTRA BIBLIOGRÁFICA

# # A VOLTA Á PROVINCIA EN 52 AUTORAS

(VESTÍBULO DA BIBLIOTECA)

2023








DE MARZO A MAIO DO 2024

Deputación DA CORUÑA

Biblioteca Deputación

BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

## Sumario

Introdución....4
Abegondo : Ana Prado....6
Ames : Mariña Pérez Rei....8
Ares : Matilde Felpeto Lagoa....10
Arteixo : Araceli Freire Cedeira....12
A Baña : Carme Varela....15
Bergondo : Dores Tembrás....18
Betanzos : Sara Fraga Pérez....20
Boimorto : Carme López Taboada....23
Boiro : Charo Lopes....26
Cee : Concha Blanco....44
Culleredo : Pilar Pallarés....51
Ferrol : Lola Beccaria....64
Fisterra : Branca Vilela....66
A Laracha : María Rei Vilas....68
Malpica de Bergantiños : Marta Villar....70
Mazaricos : María del Carmen Rey Nuñez....72
Melide : Mary Quintero....74
Miño : Lúa Mosquetera....77
Mugardos : Teresa Cameselle....81
Muros : Ánxela Lema París....84
Narón : Ana Varela Miño....86
Neda : Mariola Hermida....88
Noia : Ana Romaní....89
Ordes : Eli Ríos....94
Oroso : Andrea García Martínez....97
Ortigueira : Sara Vierna....99
Outes : Valentina Formoso Gosende....102
Padrón : María dos Anxos González Refoxo....104
A Pobra do Caramiñal : Ana Boullón....107
Ponteceso : Diana Varela Puñal....110
Pontedeume : Eva Veiga....112
As Pontes de García Rodríguez : Medos Romero....116
Porto do Son : Blanca-Ana Roig....119
Rianxo : Esther F. Carrodeguas....123
Ribeira : María Xesús Blanco....126
Sada : Vanesa Santiago....128
Santa Comba : Carmen Blanco Ramos....131
Santiago de Compostela : Cristina Sánchez Andrade....134
Teo : Pilar García Rego....137
Valdoviño : Rosa Aneiros....140
Listaxe de materiais dispoñibles nos fondos da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña...143




# Introdución

Para estes meses de primavera preparamos unha mostra moi especial. Alén de achegar unha temática para celebrar o mes da muller, que tamén, comprácenos que nesta ocasión poidamos recoñecer o traballo das autoras e creadoras da nosa provincia.

Durante todo o ano 2023, desde a Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña, estivemos a facer un destaque semanal dunha autora dalgún dos concellos da provincia da Coruña.

O destaque, amais de aparecer nas principais redes sociais nas que está a nosa Biblioteca, tamén elaboramos, para cada unha delas, unha entrada na páxina web onde, cunha maior profundidade, se trataba a figura elixira para cada semana.

Nestas reseñas, ademáis de dar os datos bibliográficos máis básicos, sinalabamos a súa obra, e cal dela está dispoñible nos nosos fondos para que os usuarios poidan desfrutala en préstamo, tanto en papel como en formato dixital segundo cada caso.

Esta iniciativa, que naceu para a promoción e recoñecemento das protagonistas, foi medrando semana a semana, co interese e seguemento pola vosa parte e incluso nutríndose de achegas que nos fixeron algunhas colegas profesionais das bibliotecas dos concellos de procedencia das autoras.

Para recopilar e poñer en común todo o traballo levado a cabo, deseñamos esta mostra bibliográfica que propón un percorrido polos concellos da provincia dun xeito ameno e reivindicativo: a través da obra das autoras, exemplificada con volumes que temos no noso fondo, e representativos da súa obra.

A mostra organizouse de xeito alfabético a partir do nome dos concellos, dispoñendo a cada unha das representantes das localidades atendendo a este criterio, e acompañando con material bibliográfico e audiovisual segundo o caso.

Para acompañar o percorrido polos concellos da provincia elaboramos, co gallo da mostra, un mapa virtual coas autoras e a súa obra que poñemos ao voso dispor a través dos códigos QR feitos para a ocasión, e que estará dispoñible na web da Bilbioteca.

Valoremos ás nosas cradoras e o seu potencial, desfrutemos e medremos coa cultura do noso país, e sintámonos partícipes do legado que queremos deixar en herdanza ás xeracións que veñen tras de nós.

Agardamos que disfrutedes do resultado tanto como nós o fixemos desenvolvéndoa, semana a semana, ao longo do ano 2023, que sigades apoiando a iniciativa a través das redes sociais e os préstamos (físicos ou dixitais), e sigamos a descubrir e recoñecer o traballo das nosas creadoras.

Mapa Virtual: https://acortar.link/77htp8

# Abegondo : Ana Prado




Veciña do Concello de Abegondo, Ana Prado é unha escritora e asesora cultural e tecnolóxica.

Traballou como xornalista e editora. Actualmente é responsable de proxectos que conxugan as tecnoloxías da información e a comunicación cos contextos do ensino. Tamén realiza labores de asesoramento a institucións públicas e privadas neste mesmo campo.

É autora de varias obras de literatura infantil en castelán da colección "Libros para Jugar" e galego: un xoguete para Rosalinda. Xunto a Suso Cubeiro publicou A Costureira das ánimas.

Forma parte da *Asociación Cultural Barballocas* e da *Escola de Teatro do Concello de Abegondo.*

## Obra

- *Un xoguete para Rosalinda* (Evergráficas, 2011)
- *A Costureira das ánimas* (Everest, 2012) [**GAL/16817**]

  Hai uns anos, as costureiras percorrían vilas e aldeas coa máquina de coser sobre a cabeza na procura de visos, pantalóns, saias ou calquera outra peza de roupa para amañar. Había que ter forza, tanto nas pernas coma no pescozo, para termar da "singer" durante as complicadas andadas por montes e leiras ata chegar a algún lugar onde pasar a noite e coser o que dispuxese a dona da casa. En todas as familias, había as súas cousas entre mortos e vivos. Os mortos aturábanse ben. Os coitados dos finados eran corpos sen vontade que cumpría axeitar como se viña facendo desde sempre. A costureira deste relato atopouse nunha situación inesperada despois de que lle encargaran empanicar un morto. Descubriu que, ás veces, a relación cos mortos pode ser máis beneficiosa do que nunca chegara a pensar.

# Ames : Mariña Pérez Rei




**Mariña Pérez Rei** é unha escritora galega nada en Ames.

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa e Filoloxía Hispánica exerce de profesora de Lingua Galega e Literatura no IES Eduardo Pondal (Compostela), onde creou o grupo **Equipo da Dinamización da Lingua Galega**.

A súa obra componse de poesía e narrativa, e conta con diversos premios nas diferentes modalidades que cultiva. A seguir recóllense os principais títulos e a súa sinatura para atopalos na Biblioteca.

Poesía

- Fanerógama, 2006. [**GAL/13083**]
- Apuntamentos para un cuarto confuso e cambiante, 2009.
- Paquidermo, 2010. [**GAL/16286**]
- Boca de gárgola, 2014.

Narrativa:

- Canícula, 2007. [**GAL/13006**]
- Costa necrópole. Escenarios para deslembrar, 2010. [**GAL/16544**]
- Contrapicados, 2012.

Premios:

- XVIII Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón no 2005, por *Fanerógama*.
- Premio de novela curta Manuel Lueiro Rey no 2006, por *Canícula*.
- IX Certame Literario de Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos no 2010, por *Costa necrópole. Escenarios para deslembrar*.

# Ares : Matilde Felpeto Lagoa




**Matilde Felpeto Lagoa** (Cervás-**Ares**, 1947) é unha escritora galega especializada en libros de gastronomía.

Licenciouse en Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela. Iniciou a súa traxectoria profesional como funcionaria no Instituto Nacional do Libro Español (INLE), en Madrid. Encargada da redacción dos primeiros catálogos de libros escritos en galego publicados polo INLE. Pide a excedencia como funcionaria para dedicarse ó ensino. Exerceu como profesora de bacharelato e impartiu clases de Lingua e Literatura Españolas.

Estudosa da gastronomía tradicional e popular galega, como autora, tense dedicado ao estudo e investigación sobre a tradición gastronómica galega. É autora de varios volumes de libros de culinaria nos que se ocupa de localizar as receitas e os ingredientes que as compoñen na historia e na tradición e tamén como foi a súa evolución, tanto por razóns históricas como tecnolóxicas. Escribe en galego e en castelán.

Obra

- Recetas de la cocina familiar gallega (Nigra Trea, 2002) [**GAL/16754**]
- Cociñar con albariño (Nigra Trea, 2007) [**GAL/13354**]
- Recetas de repostería tradicional de la cocina gallega y portuguesa (Nigra Trea, 2012) [**GAL/16755**]
- 40 menús para 40 banquetes (Nigra Trea, 2012) [**3M/32107**]
- El capón de Vilalba y su cocina (Trea, 2009)
- O polbo e a súa cociña (Xerais, 2014) [**GAL/16895** e **En Dixital** ]
- Cociña Galega Tradicional. Receitas, tradición, historia e evolución (Xerais, 2017) [**GAL/16980**]
- Doces e lambetadas. Receitas con historia (Xerais, 2021)

Premios

- Accésit no **Premio Nacional de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro**, 2010
- 1º **Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro**, 2018.

Sobre a autora:

- Reportaxe en Cada día un libro da TVG (2017).
- Artigo no Progreso (2009).
- Artigo no Faro de Vigo (2018).
- Artigo no Diario de Ferrol (2014).
- Artigo no Blogue As Cuncas Culturais da AC Herminio Barreiro (2018).
- Entrevista Galicia por diante da Radio Galega (2021).
- Bibliografía en Dialnet.

## Arteixo : Araceli Freire Cedeira




**Araceli Freire Cedeira** é unha historiadora e investigadora nada no Concello de **Arteixo.**

Licenciada en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster e Doutora en Historia Contemporánea pola mesma Universidade.

Entre as súas liñas de investigación están a historia agraria, a historia social do mundo rural e a historia medioambiental do periodo 1939-1975. Os seus estudos afondan no

coñecemento dos conflictos entre o mundo rural cos seus espazos comunais como centro, contra o estado franquista.

Forma parte do grupo de investigación HISTAGRA, vencellado á Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

A Deputación da Coruña concedeulle unha Bolsa de investigación para o período 2014-2015 sobre unha temática relacionada co ámbito territorial da provincia, co traballo La construcción histórica de un espacio protegido: el parque natural Fragas do Eume (1901-1997).

Obtivo o II Premio de Ensaio Xohana Torres e Premio Jesús García Calvo (IDEGA) 2014. Na actualidade é profesora na USC.

## Obra

- En defensa de lo suyo. Propiedad forestal y conflictividad social durante el franquismo : los montes comunales vecinales de Cerceda (A Coruña). Servizo de Publicacións da USC, 2011 [**GAL/15788**]
- O monte é noso. As mulleres e a conflitividade social no medio rural galego durante o franquismo, Concello de Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2012. [**GAL I 264**]. **II Premio de Ensaio Xohana Torres** e **Premio Jesús García Calvo** (IDEGA) 2014.

## Participación en obras colectivas:

- FREIRE CEDEIRA, A. (2021): "Baldaio en loita. recuperación do patrimonio natural colectivo (1948-1991)", en Leira-Castiñeira, F.J. e Cabo Villaverde, M. (eds.), *A xustixa pola man. Violencia e conflitividade na Galicia contemporánea*, Vigo, Xerais, p. 271-296
- CABANA, A.; DÍAZ GEADA, A.; FREIRE, A.; LANERO, D. (2013): "Resistindo Polo Común: as comunidades rurais galegas contra as políticas florestais do franquismo", PALACIOS, D.; SÁ e MELO FERREIRA, F.; NEVES, J. (coords.): *Da Economia Moral da Multidão à Arte de Não Ser Governado*. E.P. Thompson e James C. Scott na Ibéria, Castro Verde (Portugal), 100 Luz, pp. 69-90.

- DIAZ GEADA, A. e FREIRE CEDEIRA, A. (2014): 'La caja negra de los "cambios sociales del franquismo": una mira da desde la sociedad rural', Fernández Prieto, L. e Artiaga Rego, A. (eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura*, Madrid, Ed. La Catarata, p. 279-299. [**D10597 94 OTR**]
- FREIRE CEDEIRA, A., BALBOA LÓPEZ, X.L. e RICO BOQUETE, E. (2014): 'El proceso de clasificación de montes vecinales en mano común. El caso del monte Serra de Casaio e Lardeira (Carballeda de Valdeorras)', Fernández Prieto, L. e Artiaga Rego, A. (eds.), *Otras miradas sobre golpe, guerra y dictadura*, Madrid, Ed. La Catarata, p. 251-278. **[D10597 94 OTR]**
- FREIRE CEDEIRA, A. (2013): "El proceso de devolución de los montes vecinales en mano común: una historia de lucha social (1968-1989), en Lanero Táboas, D. (ed.), *Por surcos y calles. Movilización social e identidades en Galicia y País Vasco (1968-1980)*, Madrid, La Catarata.
- FREIRE CEDEIRA, A. (2011): "En defensa de lo suyo. El papel de las mujeres en la conflictividad social generada en el medio rural gallego durante el franquismo", en BARRIO ALONSO, A.; DE HOYOS PUENTE, J. y SAAVEDRA ARIAS, R. (eds.), *Nuevos horizontes del pasado: culturas políticas, identidades y formas de representación*, Santander, Universidad de Cantabria.


## Recursos sobre a autora e a súa obra:

- Ficha da autora no grupo de investigación HISTAGRA
- Ficha da autora na editora Los Libros de la Catarata
- Publicacións en ResearchGate
- Publicacións en Dialnet
- Premio de Ensaio Xohana Torres
- Premios IDEGA
  - La Opinión (21/12/2021). [Entrevista ]
  - Deputación de Pontevedra. III Jornadas de Memoria Histórica: Araceli Freire [Vídeo]

# A Baña : Carme Varela




**Carme Varela**, xestora cultural e autora teatral, naceu en Duomes, **A Baña**.

Licenciada en Filoloxía Galega, completou a súa formación cun mestrado en xestión cultural na Universidade de Barcelona no ano 2000.

A súa conexión co teatro comezou na época de estudante, no grupo universitario **EIS** e na compañía **Os Quinquilláns** . Rematada a carreira, compaxinou traballos na **Fundación Castelao** como secretaria técnica con outros no campo da produción e distribución teatral coas compañías **Ollomol Tranvía** e Mofa e Befa . Tamén traballou na empresa de servizos teatrais **RTA**.

Foi directora de produción no **Centro Dramático Galego** e, dende o ano 2007, a súa vida laboral está ligada á empresa de comunicación **Atlantis Multimedia**, onde participou en proxectos de publicidade ou na produción de películas documentais como *A Palabra Xusta*, dirixida por Miguel Piñeiro.

"As desterradas" é o seu primeiro texto teatral e foi creado como unha actividade para desenvolver no seo da asociación de patrimonio medieval **O Sorriso de Daniel** , da que é secretaria, e que axudou a fundar en 2010.

Obra

- As desterradas (Xerais, 2021) [**GAL T 5**]
- Faise escuro (Edicións Positivas, 2023)
- Prófugas e apóstatas : as monxas touquinegras da Galiza (Sermos, 2023) [**GAL I 287**]

Premios

- XXV Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2020 (por As desterradas)
- Premio Follas Novas de Teatro 2022 (por As desterradas)
- VI Premios Selic 2022 (por Faise escuro)

Sobre a autora:

- Xerais. Ficha da autora
- Voz de Galicia (27/04/2022) [Nova ]
- SELIC. [Nova ]
- Concello de Santiago. [Novas ]
- Colaboracións no xornal Mundiario

Sobre "As Desterradas":

> Ao mosteiro de Albeos, situado entre as fortalezas de Melgaço en Portugal e a de Fornelos en Galicia, chega unha carta da raíña Xoana de Castela. A pequena comunidade de monxas vese sacudida por unha sentenza que, ao parecer, é xa inapelable e, escena a escena, vaise descubrindo a traxedia que estas monxas están a vivir.

"As desterradas" adéntrase no enfrontamento desatado entre a Coroa de Castela e os mosteiros bieitos galegos nos séculos XV e XVI. Unha historia de resistencia protagonizada por un pequeno grupo de monxas que mantiveron unha valente e desigual pelexa cos grandes poderes do seu tempo: a coroa e o papado.

A peza recrea eses días finais no mosteiro de Albeos, dos que non chegou documentación a nós porque, como o Padre Colombás deixou dito, os documentos comprensiblemente escasean porque ningún ten interese en conservar papeis ou pergameos embarazosos. Lonxe quedaba o tempo no que os abades de San Bieito de Valladolid se queixaban amargamente do apoio da curia romana ás monxas galegas: "cada hora nos dicen que nos han de destruir como los templarios, y aun por tales y peores nos tienen. Pues nuestro santísimo padre el Papa nunca nos llama sino herejes".

**XMEYRE**. Ferradura en Tránsito II: Crítica de AS DESTERRADAS, de Carme Varela (23/03/2022) [Artigo]

**ACLP ROXIN ROXAL**. As desterradas de Albeos, con Carme Varela (04/06/22) [Vídeo]

**Ateneo de Santiago**. Presentación do libro «As desterradas» de Carme Varela [Vídeo]

## Bergondo : Dores Tembrás




Dores Tembrás naceu en Bergondiño (Bergondo), e é unha escritora galega.

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña en 2001, doutorouse en 2008 cunha tese sobre Alejandra Pizarnik. Desde entón non deixou a investigación sobre a literatura hispanoamericana, centrándose na figura desta poeta, impartindo seminarios e participando en numerosos congresos e revistas especializadas.

En 2009 publica o seu primeiro poemario, O pouso do fume. Colaborou en revistas como Serta, Revista das Letras, Dorna e Caravansari. Forma parte do equipo da .**Editorial Apiario**.

**Poesía**

- O pouso do fume, 2009, Espiral Maior. [**GAL/15754**]
- Alentos ao vacío, 2010, libro de artista en diálogo coa obra do pintor Manuel Suárez.
- Cronoloxía da urxencia, 2014, Espiral Maior.
- Auga a través, 2016, Apiario. [**GAL/9839**]

**Literatura infanto-xuvenil**

- O peizoque Roque, 2012, Galaxia.

**Premios**

- **Premio de poesía Concello de Carral** no 2013, por Cronoloxía da urxencia.
- **Premio Fervenzas Literarias ao mellor libro de poesía de 2014**, por Cronoloxía da urxencia.

Páxina web da autora

## Betanzos : Sara Fraga Pérez




Sara Fraga Pérez é unha historiadora e xestora cultural nada en **Betanzos**.

Graduada en Historia pola **Universidade de Santiago de Compostela** e Mestrado en Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte da mesma Universidade. Profesionalmente vencellada aos museos e ao patrimonio cultural, tamén investiga nos campos da historia social, da historia de xénero e das cuestións relacionadas ca indumentaria. Toma parte na Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo,

e colabora na asociación estudantil Entre Clío y Euterpe: Arte y poder, que agrupa a novos investigadores nos campos da arte e o poder.

Participou, a través da Sociedade Coop. Galega Rexenerando, do proxecto Memoria dun século, apoiado pola **Deputación da Coruña**, materializandose en diversas publicacións.

Trátase dun programa de historia oral e saúde comunitaria dirixido a persoas maiores, que ten como obxectivo elaborar o relato de cen anos de historia dunha parroquia, ao tempo que se xera un espazo de cohesión social e se traballa coa memoria individual. Nalgunhas edicións, o relato é compartido nunha publicación.

Libros:

- Cabanas : memoria dun século, 2022. [LDC/72]. En dixital aquí
- Laraxe : memoria dun século, 2022. [LDC/73] . En dixital aquí
- Santa Cruz : memoria dun século, 2022. [LDC/74]. En dixital aquí

Artigos:

- De cando as mulleres do Asilo García Irmáns bailaron e cantaron a ribeirana . Revista Casa dos Espellos 6 de mayo de 2021
- Donde che van as colores? O traxe tradicional galego xomonindicador do estado civil . Revista Casa dos Espellos 20 de julio de 2020
- Aproximación ó folclore a través do Proxecto "Escoitar, Aprender e Compartir" . Revista Casa dos Espellos 20 de julio de 2020
- O Parque do Pasatempo: conservar 1/7 do legado . Quórum: Revista de Artes, Letras e Ciencias Sociais e Xurídicas 21 de septiembre de 2019
- Xardíns temáticos ou arte interactiva? O Parco Museo Jalari e o Parque do Pasatempo. Revista Casa dos Espellos 17 de junio de 2019
- "Unha perna tapa a outra". O traxe folclórico galego na EMuF de Betanzos . Libro das Festas San Roque 2018 1 de agosto de 2018
- O traxe como fonte de información: modo de vida, importancia social e datación das fotografías do Parque do Pasatempo . Revista Casa dos Espellos 24 de marzo de 2018
- Detrás del corset y la crinolina: La indumentaria de la mujer y el prestigio social en el matrimonio vitoriano. Comunicación dentro de la IV edición del ciclo de conferencias "Entre Clío y Euterpe: Arte y Poder" (jun. de 2017)

A autora por ela mesma:

Penso que, se hai unha frase que define a miña traxectoria profesional é "A vida vaite levando". Dende nena vivín o meu tempo de lecer en ambientes interxeracionais: a Escola Municipal de Folclore de Betanzos ou a Asociación de Veciños de Xanrozo. Penso que o meu maior logro, ou cando menos o que agora considero que foi máis determinante, foi o premio que acadei en 6º de educación primaria nun concurso de poesía sobre Nadal na escola.

Pregunteille ás miñas veciñas no centro social se sabían algún canto de reis e Lola da Graña cantoume un que escoitaba ela de nova en Xanrozo. Botando a vista atrás, decateime de que iso era ao que me quería dedicar: a conectar as distintas xeracións e a traballar de xeito significativo co patrimonio cultural.
Escollín estudar a carreira de Historia porque desfrutei escribindo o exame de selectividade.

Estudando o mestrado de xestión do patrimonio artístico e arquitectónico, museos e mercado da arte, adentreime no mundo da educación patrimonial. Así, dende que rematei os meus estudos veño realizando proxectos, tanto como parte de equipas en administracións públicas, empresas privadas e asociacións sen ánimo de lucro. Así, tanto no meu labor profesional coma no que desenvolvo sen ánimo de lucro, procuro entretecer patrimonio, arte, tradición, e creación colectiva.

**Boimorto : Carme López Taboada**




Carme López Taboada naceu en Sendelle, Concello de **Boimorto**. Licenciada en Filoloxía pola **Universidade de Santiago**, combina a investigación no eido da lingüística, a creación literaria e a tradución co exercicio da docencia no **IES Eusebio da Guarda da Coruña,** como Catedrática de Lingua Galega e Literatura.

A súa preocupación didáctica levouna a colaborar con distintos colectivos pedagóxicos e publicar diferentes obras: *Guía didáctica de educación infantil o Puff* (1981), *O Noso*

*Galego 4* (1984), *Propostas didácticas* (1984), *Lingua de Bacharelato 1* (1989) e *Lingua de Bacharelato 2* (1989) e outro material complementario de lingua e literatura.

No ano 1981 foi asignada á **Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia** para tarefas administrativas como encargada de habilitacións, exención e revisión de textos e, en 1983, foi nomeada xefa do **Servizo de Normalización, Asesoramento, Promoción da Lingua Galega e Toponimia**, cargo que desenvolveu ata o ano 1985 na Consellería de Educación e Cultura.

Nos anos 1990 e 91 estivo destinada na **Real Academia Galega** desenvolvendo a actividade de redactora do Dicionario da Lingua Galega que publica esta institución no ano 1997.

É autora de obras de aplicación didáctica *Do falar e do escribir* (1995), *Punto por punto* (1997) e *Dicionario do seguro* (1998). Tamén é coautora de diferentes publicacións de material pedagóxico para a formación de adultos: *Curso superior de linguaxe xurídica* (1996), *Lingua galega, iniciación* (2002) e *Curso de linguaxe administrativa* (2001) obra que se editou na súa quinta edición revisada (2007) e sexta (2009).

O traballo de investigación no ámbito lingüístico, iniciado coa publicación de *Do falar e do escribir* (1995), céntrase no estudo da fraseoloxía galega e tivo continuidade nas publicacións: *Así falan os galegos* e o *Dicionario de fraseoloxía galega* dos que é coautora con María Rosario Soto. Tamén forma parte do consello de redacción dos *Cadernos de fraseoloxía galega* do **Centro Ramón Piñeiro** para a Investigación en Humanidades.

Preparou o aspecto lingüístico da edición de *A campaña da Caprecórneca* de Otero Pimentel, e, dentro do xénero teatral, publicou *O muíño baleiro* (1984) amais da obra poética, *Cantares* (1983), que é unha achega á poesía infantil musicada por Manuel Rico. O poema "O meu neno está no berce", que se inclúe nesta publicación, foi gravado por Manuel Rico, Fuxan os ventos, Rosa Cedrón e Xabier e Guillerme e incluído na Antoloxía da poesía infantil galega, *Os ecos do bilurico* e na *Antoloxía da poesía infantil galega : O libro dos cen poemas*.

Obra

- LÓPEZ TABOADA, CARMEN; SOTO ARIAS, Mª ROSARIO. Dicionario de Fraseoloxía Galega (Xerais, 2008) [**8/389**]

Este Dicionario de Fraseoloxía Galega, preparado por Carme López Taboada e Mª Rosario Soto Arias, recolle case dez mil frases feitas, o que supón o maior repertorio lexicográfico deste tipo publicado en lingua galega. A información proporcionada en cada entrada dividiuse en catro campos: a clave, a frase, o significado e o texto. No campo da "clave" identifícase a palabra de maior peso semántico do núcleo da frase, sendo, con frecuencia o substantivo primeiro en aparecer na orde de lectura, ou de non habelo, o verbo, o adxectivo ou o adverbio. No campo da "frase" diferénciase entre núcleo e contorna (identificado entre corchetes). No campo de "significado" preséntase a definición da entrada, enriquecida polas marcas de rexistro lingüístico ou de información metalingüística. Por último, no campo "texto", proporciónase un exemplo de uso documentado, extraído de fontes literarias e xornalísticas, identificadas cunha clave. Este Dicionario de Fraseoloxía Galega inclúe, ademais, un apéndice de correspondencias casteláns das frases incluídas no dicionario.

Ficha da autora en Edicións Xerais

# Boiro : Charo Lopes




María del Rosario López Sánchez, máis coñecida como **Charo Lopes** é unha activista, fotógrafa e escritora galega, nada en **Boiro**.

Licenciada en Xornalismo pola **Universidade de Santiago de Compostela**, Graduada en Fotografía Artística pola **ESAD Antonio Faílde** e Máster en Literatura, Cultura e Diversidade pola **Universidade da Coruña**.

Actualmente toma parte do consello de redacción e é responsable da coordinación de imaxe do xornal *Novas da Galiza*, dirixe o **Portal Galego da Língua** e é coeditora da revista *caleidoscopica.gal.*

Como fotógrafa especialízase en retratos; no proxecto **umaqualquer.com** traballa a representación en clave feminista, propoñendo ás modelos un xogo performativo e apropiándose da imaxe como ferramenta de autocoñecemento.

Como poeta gañou premios como o **Premio Fiz Vergara Vilariño** no **2015** e o **XXXV Premio de poesía Cidade de Ourense** no **2019**. O seu libro *Como sucede o fin do mundo* foi traducido ao eúscaro. Participou en diversas antoloxías poéticas e festivais, entre os que destaca a antoloxía de poesía galega contemporánea traducida ao finlandés por Rita Dahl *Fauna silvestre*.

Publicou artigos en revistas como *Ardora* ou *Revista Revirada Feminista*. Como fotógrafa, a súa *Serie das terras baldías* foi seleccionada no concurso **Xuventude Crea 2015 de Artes Plásticas e Fotografía**, e participou en diversas exposicións colectivas.

Pódese coñecer unha mostra da súa obra artística en **Arteinformado**.

Obra:

- Como sucede o fim do mundo (Espiral Maior, 2016). [**GAL/9735**]
- Álbum (Aira, 2020). [**GAL P 68**]

Entrevistas:

- Voz de Galicia 2023
- Voz de Galicia 2020
- La Región 2019
- Nós diario
- Praza.gal 2015

# Cambre : Uxía Larrosa




Uxía Larrosa Villanueva é de **Cambre**, e o seu traballo desenvólvese principalmente no eido da Banda deseñada como guionista e ilustradora. Tamén ten participado en campionatos de xadrez.

Estudou Belas Artes na **Universidade de Barcelona**, na especialidade de gravado. Cursou tamén estudos no **Centro de Estampa Contemporánea de Betanzos** e un mestrado en Estudos de Cinema e Audiovisual Contemporáneo na **Universidade Pompeu Fabra** de Barcelona.

Recibiu varios galardóns en concursos de cómic, o último o Premio Castelao de Banda Deseñada da **Deputación da Coruña**. Foi cofundadora do fanzine Sacoponcho e participou cunha historia curta no volume colectivo Licor café.

## Obra

- O bico da serea (cómic) Deputación da Coruña, 2023 [**LDC/87 e eBiblio**]
- Licor café : 13 grolos da Nova banda deseñada galega (cómic) Demo Editorial, 2017 [**GAL/17038**]
- Sacoponcho (cómic), 2012-2013.

## Premios

- XVII **Premio Castelao de Banda Deseñada** – Modalidade xeral, 2022
- 1.º premio, **Certame Xuventude Crea – Banda Deseñada**, 2018
- 3.º premio, **Certame Xuventude Crea – Banda Deseñada**, 2017
- 1.º premio, **Concurso de Cómic Rekalde-Ortzadar**, 2014
- 2.º premio, **Certame Benito Losada de Banda Deseñada**, 2013

## Outros traballos da autora

- Traballo fin de grao: El idioma de las cosas: ensayo sobre cómo habitar a partir de la palabra
- Blogues: A Roxa do Souto e Uximuxi
- Ficha da autora en Coruña gráfica

## Novas sobre a autora e o seu traballo nos medios de comunicación

- Viñetas desde o Atlántico 2023
- Metrópoles delirantes [BD]
- Asociación Profesional de Ilustradores de Euskadi (Euskal irudigileak)
- La Voz de Galicia (15/07/2022)
- La Opinión Coruña (15/07/2022)
- El Ideal Gallego (10/02/2023)

## Nas Redes

- https://www.instagram.com/uximuxi_/
- https://www.facebook.com/uxia.larrosavillanueva?locale=ms_MY
- https://www.pinterest.es/hiperuxi/

# Carballo : Rosalía Fernández Rial




Rosalía Fernández Rial é unha escritora galega de Carballo.

Licenciouse en Filoloxía e doutorouse en didáctica das linguas e expresión dramática (pola Universidade de Santiago de Compostela). Na súa creación mestura escritura, música e teatro.

Obra

Poesía

- En clave de sol : Poemario musical (2009).
- Átonos : Poemario sensorial (2011).
- Vinte en escena (2012).
- Ningún amante sabe conducir (2014). [**GAL/16875**]
- Contra-acción (2016).
- Sacar a bailar : Poesía reunida (2009-2016) (2016).
- Árbores no deserto (2020). **eBiblio**
- Desnortada (2021). [**GAL P 72**]

Ensaio

- Aulas sen paredes (2016). [**GAL/11265**]

Narrativa

- Bonus Track (2018). [**GAL N 10**] e na **eBiblio**

Obras colectivas

- Follas de Carballo (2011)
- Un mar de sensacións : Rutas e poemas para descubrir a Costa da Morte (2012).
- Versos no Olimpo : O Monte Pindo na poesía galega (2013). [**GAL/16741**]
- Versus cianuro : Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto (2013).
- Contos de taberna (2014).
- 150 Cantares para Rosalía de Castro (2015).
- Pico Sacro : Ferido polo lóstrego e a lenda (2017). [**GAL/13617**]
- O libro dos libros (2018). [**GAL/12670**]
- Arrincando marcos (2019).
- Entre donas (2020). [**GAL N 113**]

Páxina web da autora
Ficha da autora na AELG
Redes sociais: Facebook Twitter Wikipedia

## Cariño : Xulia Vicente




Xulia Vicente Jiménez, nada en **Cariño**, é unha **autora de banda deseñada e ilustradora** galega.

Formouse na **Universidade Politécnica de Valencia**, onde axiña fixo tándem artístico con Núria Tamarit e coa que participou no fanzine *Sacoponcho*. Tamén ilustraron os libros da serie *Anna Dédalus*, escritos por Miguel Ángel Giner Bou. En 2016 publicaron en

Ediciones La Cúpula a súa primeira novela gráfica, *Duerme Pueblo* (baseada nos xogos de mesa e de misterio, foi tamén o seu traballo final de carreira).

No mesmo ano Xulia publicou *Ari, cazador de dragones*, con guión de Manuel Gutiérrez. En 2020 publicou *Elisa e Marcela*.

Tamén colaborou con outras revistas e fanzines, tanto nacionais como internacionais, como: 2000AD, Xiulit, Nimio, Jot Down, Arrós Negre, Oiga Mire Mañana, Lis en Fleur ou Meinstrim.

## Obra

- Anna Dédalus - El misterio de la mansión quemada (Andana Editorial), con Miguel Ángel Giner e Núria Tamarit.
- Duerme Pueblo (Ediciones La Cúpula), con Núria Tamarit. [**GAL/17280**]
- Ari, Cazador de Dragones / Ira, Jinete de Dragones (Sallybooks), con Manuel Gutiérrez.
- Llampuga, Llampega! (Andana Editorial), de Miquel Puig.
- O tempo cronolóxico (A Mesa pola Normalización Lingüística).
- Elisa e Marcela (Consello da Cultura Galega). [**GAL/17579**]
- The war between Yellow Emperor and Yan Emperor / Xing Tian (Beijing Kids Media).
- I See a Knight (Shortbox).

**Elisa e Marcela (así se fixo):** https://youtu.be/FmtlGQsB-08

## Sobre a súa obra nos medios

- Jiménez, Jesús (27 de maio de 2016). "'Duerme pueblo', un cómic que recupera la magia de los cuentos ". RTVE. Consultado o 22 de maio de 2023.
- Zahiinos, Álex. "Una detective adolescente entre la viñeta y la literatura ". Consultado o 22 de maio de 2023.
- "Viñetas y bocadillos - 'Ari, cazador de dragrones '". Consultado o 22 de maio de 2023.

- "Marcela e Elisa, a primeira parella gay de España, xa teñen a súa banda deseñada en galego". Galicia Confidencial. Consultado o 22 de maio de 2023.

Páxina de Xulia Vicente en Tebeosfera

Nas redes:

Twitter: @TakiTakos
Instagram: @/takoxuls

# Carnota : Mar Llinares




María del Mar Llinares García, nada no Pindo (**Carnota**), é profesora titular de Prehistoria na Universidade de Santiago de Compostela.

É doutora en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Ten publicados varios libros e artigos sobre temas de antropoloxía e prehistoria de Galicia en revistas especializadas e colaborado en varias obras colectivas. Tamén levou a cabo varias traduccións do inglés e o francés.

Forma parte da equipa de investigación: Grupo de Estudos para a Prehistoria do NW Ibérico: Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio.

Foi decana da Facultade de Xeogrfía e Historias.

## Obra

Monografías:

- La semiología, en tela de juicio: cine y lenguaje, con Jean Mitry, Akal, 1990. [**3M/3760**]
- Mouros, ánimas, demonios: el imaginario popular Gallego, Akal, 1990. [**GAL/3040**]
- Os mouros no imaxinario popular galego, Universidade de Santiago de Compostela, 1990. [**GAL/2914**]
- Os mouros no imaxinario popular, Biblioteca 114, El Correo Gallego, 1992. [**GAL/3518**]
- Historia das mulleres en Galicia, Nigra Trea, 2010. [**GAL/16892**]
- Los lenguajes del silencio: arqueologías de la religión, Akal, 2012.

Traducións:

- Diccionario Akal de Etnología y Antropología de Pierre Bonte (tradución), Akal, 1997.
- Yo no soy la señorita Chevalier : memorias de una loca, Siglo XXI, [2015]. [**3Z/2058**]
- Para raros, nosotros : introducción a la antropología cultural de Paul Bohannan, Akal, 1996. [**D4273 39 BOH par**]

Tamén conta con un gran número de artigos e colaboracións en obras colectivas.

## A autora nas redes:

Dialnet [Ficha como autora ]
Mazarelos: revista de Historia e cultura [Entrevista ]

Que pasa na costa [Nova ]
El Correo Gallego: [Entrevista1 ], [Entrevista2 ], [Entrevista3 ]

La Voz de Galicia [Entrevista ]

# Carral : Inma Otero Varela




Inmaculada Otero Varela, tamén coñecida como Inmaculada Otero ou Inma Otero, nada en **Carral**, é unha filóloga e ensaísta galega.

Licenciada en Filoloxía Hispánica pola **Universidade da Coruña** e Filoloxía Galega na **Universidade de Santiago de Compostela**. Obtivo o Diploma de Estudos Avanzados nesta última universidade en 2002 co traballo de investigación *A narrativa experimental galega dos 80 e 90: un achegamento ao posmodernismo*, no que tivo como titora a Dolores Vilavedra.

Traballou no **Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia** pertencente ao **Consello da Cultura Galega**, para posteriormente ser Lectora de Lingua e Cultura Galega na **Universidade de Roma La Sapienza**. Traballa como profesora de Lingua e Literatura Galega no **IES David Buján de Cambre**.

Colabora como crítica literaria no suplemento *Sermos* de *Nós Diario*, en *Grial* e na web italiana *Insula Europea*.

## Obra

### Ensaio

- Criminal, Eu é. Dúas novelas de Xurxo Borrazás (2000). Santiago: Sotelo Blanco.
- O posmodernismo no sistema literario galego (2007). Universidade de Santiago. [Tesiña].
- A ficcionalización do eu: autoría e protagonismo das mulleres na literatura (2014). Euseino? Editores. En «Anotacións sobre literatura e filosofía», nº 6.
- O obxecto muller e o xiro ontolóxico (2021). Vigo: Euseino? Editores.
- A materialidade das fillas de Lupa. Obxectos ficcionais femininos na narrativa galega (2022). Vigo: Xerais. [GAL I 263]

### Tradución

- Emerxencia, de Maurizio Ferraris (2017). Euseino? Editores.

## A autora na rede:

•Ficha da autora en Xerais.

•Ficha da autora na AELG.

•Ficha da autora en Euseino. Libros e notacións sobre Literatura e Filosofía

•Biosbardia: O país dos libros en galego (19/12/2022) [Entrevista]

•Praza.gal (07/11/2014) [Artigo]

•G24.gal (08/03/2023) [Entrevista]

## A autora nas redes:

Facebook: https://www.facebook.com/inma.otero.50?locale=gl_ES

Twitter: https://twitter.com/InmaOteroVarela?lang=gl

# Cedeira : Ilda Mosquera




**Ilda Mosquera** Rey é unha xornalista de **Cedeira** e autora dunha novela en castelán.

Licenciada en Comunicación Audiovisual e Xornalismo en Madrid, traballou como redactora e reporteira en **Cuatro**, **TVG**, **La Sexta** ou **TVE**, realizando tamén algún traballo en prensa.

Tras abandonar a súa Cedeira natal aos 18 anos para ir estudar a Madrid, regresa agora a Galicia para afrontar un novo proxecto laboral, a publicación da súa primeira novela, "Amor Mercurio".

- Amor Mercurio [**GAL/8147**]

  **Resumo**: A véspera da súa voda Ciara está chea de dúbidas sobre o concepto do amor. A súa cabeza debátese entre a dependencia irracional dunha relación tóxica, que é unha obsesión, e as virtudes que quere ver no seu futuro marido. A través dos seus recordos, percorremos a súa vida ata preguntarnos se o amor non é máis que unha tolemia.

  Mentres ela está inmersa en problemas transcendentais e cunha ansiedade desbordante, toda a súa familia céntrase na voda; non pode fallar o máis mínimo detalle. Pero ningún lle pregunta á futura noiva como está.

  A través do seu presente e os seus recordos de tres décadas percorremos a súa vida con amores e desamores. Desgarrámonos cos seus éxitos e fracasos laborais, marcados pola crise de 2008 que dificultou o traballo. Con Ciara chegaremos a descubrir a dualidade da soidade á que hai que botar de menos e nunca de máis. No seu camiño vital descubriremos a importancia do autocoñecemento e do amor propio para chegar ás relacións sas.

  'Amor Mercurio' é unha novela que denuncia o concepto de amor romántico, que aínda se nos vendía ás nenas que crecemos nos noventa, e as presións patriarcais que sufrimos as mulleres no século XXI.

A autora na Rede:

Blog persoal da autora: https://ildadixit.blogspot.com/

Cadena Ser. Hoy por hoy (Madrid Norte): Entrevista a Ilda Mosquera: https://cadenaser.com/audio/1675160628370/

Diario de Ferrol: https://www.diariodeferrol.com/articulo/comarcas/ilda-mosquera-propuse-contar-concepto-poliamor-naturalizar-poder-querer-personas-vez-4219991

La Voz de Galicia: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ferrol/cedeira/2023/02/11/me-posiciono-contra-tenga-venir-principe-rescatarte/0003_202302F11C8992.htm

El asombrario: https://elasombrario.publico.es/amores-toxicos-barbacoas-alas-pollo/ ; https://elasombrario.publico.es/confesionesdeverano-punto-de-giro/

A autora nas redes:

Instagram: https://www.instagram.com/ildadevent/?hl=es

Twitter: https://twitter.com/ildadevent?lang=es

Facebook: https://www.facebook.com/IldaDixit/?locale=es_ES

# Cee : Concha Blanco




**María Concepción Blanco Blanco**, nada en Lires (Cee), é unha pedagoga, mestra e escritora en língua galega. Foi unha das primeiras autoras de materiais didácticos para o ensino do galego.

Estudou Maxisterio na Universidade de Santiago de Compostela. O seu labor docente empezou na Escola de Nemiña (Muxía) e continuou nas localidades do Ézaro (Dumbría), Brens (Cee), Dumbría e Cee.

É coordinadora e coautora de varios libros de texto de Primaria e Secundaria ademais das correspondentes guías didácticas. Foi correspondente de prensa durante varios anos e colaborou cos seus alumnos en programas de radio. Impartiu e coordinou cursos de Lingua Galega, proxectos de formación do profesorado e Xornadas da Nosa Lingua.

Nomeada pola Asociación de Escritoras/es en Língua Galega **Escritora na súa Terra** en 2021, conta con numerosos premios e galardóns desde comezos dos anos oitenta ata o presente.

A seguir imos a destacar a súa obra literaria pero, como se apuntaba, tamén elaborou materiais didácticos, libros de texto e guías didácticas.

**Literatura infantil-xuvenil**

- Contos prá escola (Edicións do Castro, 1981). Con ilustracións de X. Vilasantar. [**S 869.9-36 BLA con**]
- Planeta ceboleiro (1982). Premio O Facho.
- Os habitantes de Nepecifonilandia (1983). Premio O Facho.
- Chuchamel, (Ed. do Castro, 1988). Con ilustracións de Carolina, Daniel e Aleixo Díaz.
- O noso Pepe (Ed. do Castro, 1988). Con ilustracións de X. Vizoso.
- ¿Andrómenas? (S.M., 1989). Con ilustracións de Julio Gutiérrez Mas.
- A misteriosa montaña de Pena Negra, (Maxisterio-Casals, 1991). Con ilustracións de Cristina Losantos.
- A vaca titiriteira (Bruño, 1991).Con ilustracións de Mari Fe Quesada. [**N BLA vac / v**]
- O milagre de Carola (Ed. do Castro, 1992). Con ilustracións de X. Vizoso.
  A papoula era máxica (Ed. do Castro, 1994). Con ilustracións de X. Vizoso. [**N 869.9 BLA pap / a**]
- A camioneta da media risa, (Bruño, 1995). Con ilustracións de Manuel Uhía Lima.
  Marcelo non me toma o pelo, (Sotelo Blanco, 1995). Con ilustracións de Vicente Blanco. [**N LAP / z**]
- A Disco Ecoloxista (Cumio, 1995). Con ilustracións de Francisco Mantecón.
- A Maxia da Bóla Metálica e outros contos, (Cumio, 1995). Con ilustracións de Francisco Mantecón.
- O vestido de Cora (Sotelo Blanco, 1996). Con ilustracións de Jesús Fernández. [**N BLA ves / r**]
- As loucas vacacións dunha formiga (Bruño, 1996). Con ilustracións de Manuel Uhía.
- O aniversario de Ana (Alfaguara Obradoiro, 1997).

- A aventura das cores (Xerais, 1998).
- ¡A min que me importa! (Bruño, 1999). Traducida ao castelán e ao catalán.
- A casa de cartón (Everest, 2000). [**N BLA cas / r**]
- Querido Iván (Everest, 2000).
- Quero que veñan meus pais (Casals, 2000) (Embora, 2014).
- Estela, a domadora de rás (Ir Indo, 2002). [**N BLA est / v**]
- Bianca (Dixital, 2003).
- Boris (Galaxia, 2004).
- Boris e compañía (Galaxia, 2005). [**D7256 869.9-36 BLA bor**]
- A bruxiña da sorte (Obradoiro, 2005).
- Poemas para pintar (Sotelo Blanco, 2006).
- Tita (Everest, 2006). [**N BLA tit / r**]
- Cantos da rula (Ed. do Castro, 2008).
- Encontros ás agachadas (Deputación de Ourense, 2009). [**N 869.9 BLA enc / a**]
- Os poderes máxicos de Aitema (Galaxia, 2010).
- Luces, bicos e cores (Embora, 2012).
- Misterio Resolto (Everest, 2012). [**N 869.9 BLA mis / a**]
- Catuxa quere saber (Everest, 2012).
- A camioneta da media risa (Bruño 2013) **eBiblio**
- Cos ollos do avó (Embora, 2014).
- As noites de Xián (Xerais, 2014).
- A pantufla de Celia (Hércules, 2015).
- Do re mi fantasía (Bolanda, 2016).
- A bruxiña da sorte (Oqueleo, 2017)
- Macedonia de versos (Aira editorial, 2018)
- Oficios e profesións poemas son (Embora, 2020)
- Feminino singular, en plural (Baía, 2020).

**Narrativa**

- Bertaubo voar (Pentalfa, 1995).
- Berta (Ir Indo, 2001). [**GAL/9185**]
- Sara (Casals,  non so2004).
- Habitación 202 (Everest, 2008). [**N 869.9 BLA hab / a**]
- Nano (Everest, 2008). [**N 869.9 BLA nan / a**]
- Coa carauta posta(Toxosoutos, 2009). [**GAL/14517**]
- Do A ao Z con... Castelao (Everest, 2010). [**GAL/16387**]
- O balcón do meu universo (Embora, 2015). [**GAL/16902**]

# A Coruña : Emma Pedreira




Emma Pedreira é unha autora coruñesa, considerada unha das máis poderosas e singulares voces da actual literatura galega. Encadrada na coñecida como Xeración dos 90, estreouse cos versos do Diario bautismal dunha anarquista morta (1999).

Formou parte da Plataforma de crítica feminista A Sega entre 2016 e 2019. En 2018 colaborou na revista Ligeia.

En 2018 gañou o Premio da Crítica Española en Lingua Galega polo seu libro Bibliópatas e Fobólogos.

En xuño de 2018 gañou o Premio Xerais de novela, por Besta do seu sangue, obra da que o xurado asegurou que supón unha proposta "de carácter transgresor caracterizada pola súa multiplicidade de voces, polo seu esencialismo narrativo e por exhibir diversos rexistros".

En 2019 gañou o premio Jules Verne de Literatura Infantil con Os corpos invisibles no que o xurado salientou "a orixinalidade da perspectiva adoptada para o desenvolvemento da trama; a innovación no seu achegamento a un clásico universal e ás autoras inglesas da época vitoriana; o firme feminismo da obra; o retrato social focalizado en problemáticas femininas e a visibilización do papel das mulleres". O dito libro foi considerado o mellor libro xuvenil do ano pola revista electrónica Fervenzas Literarias e fíxose co galardón de mellor obra xuvenil na Gala do Libro Galego 2020.

En todo este tempo foi tecendo ata unha ducia de libros de poemas (sempre premiados) onde destila a súa visión fonda, crítica, potente e feminista da vida.

Obra

Poesía

- Diario bautismal dunha anarquista morta, 1999, Espiral Maior.
- Grimorio, 2000, Ediciós do Castro. [**GAL/9151**]
- Corpo, 2001, Edições Tema.
- As posturas do día, 2001, Follas Novas.
- Velenarias, 2001, Espiral Maior.
- Os cadernos d'amor e os velenos, 2002, Espiral Maior. [**GAL/10428**]
- Casa de orfas, 2006, Espiral Maior. [**GAL/11801**]
- Xoguetes póstumos, 2010, A. C. Caldeirón.
- Antítese da ruína, 2011, PEN Clube de Galicia.
- Libro das mentiras, 2012, Espiral Maior. [**GAL/16367**]
- s/t (2015). Edicións Xerais de Galicia, na #eBiblioDaCoruna: https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/s-t-sen-terra-00049017
- "D.E.P.", 2017, Madrygal 20
- Antídoto, 2018, Alvarellos Editora. [**GAL P 14**]
- As voces ágrafas, 2019, Espiral Maior.
- "Desviación de conduta", 2020. A Bula, Correio do Porto
- XelArias. Palabra á intemperie, 2021. Baía Edicións (Ilustracións de Laura Romero).

- Para saír deste lugar/ Para salir de este lugar. Edición bilingüe gal/cast, 2022, Urutau Editora.
- As posturas do día/Las posturas del día/After Dark. Edición trilingüe gal/cast/eng, 2023. New York Poetry Press.

Narrativa

- Bestiario de silencios (2001). Madame Mir, Santiago de Compostela.
- As cinzas adentras (2004). Biblos Clube de Lectores. [**GAL/11850**]
- Corazón e demais tripas (2016). Edicións Positivas. Foi traducida ao castelán. [**GAL/7929**]
- Bibliópatas e fobólogos (2017). Editorial Galaxia. Foi traducida ao inglés. [**GAL/11730]** e na #eBiblioDaCoruna: https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/bibliopatas-e-fobologos-00087021
- Besta do seu sangue (2018). Edicións Xerais de Galicia. [**GAL/ 7473]** e na #eBiblioDaCoruna: **https://ebibliodacoruna.odilotk.es/opac?id=00038267**
- As fauces feroces (2019). Baía Edicións.
- Os corpos invisibles (2019). Xerais. Fóra de Xogo. Foi traducida ao inglés. **[N PED cor/n]** e na #eBiblioDaCoruna https://ebibliodacoruna.odilotk.es/info/os-corpos-invisibles-00049501
- Cicatrices do aire (2021). Toxosoutos.
- A parte dos anxos (2023). Con ilustracións de Carlos Lago. Aira Editorial.

Ensaio

- Os libros que hai en min (2021). Cuarto de inverno.
- Juana de Vega. A muller que desafiou o seu tempo (2022). Coautoría con Marilar Aleixandre. Editorial Galaxia. [**GAL I 209**]

Obra plástica

- O Elo, 2020. Urutau editora. Poemas de Quico Valeiras e collages de Emma Pedreira (serie Os traballos d´amor meigos)
- Bicadora Duncan. Conto e collages (2020) Autoedicións Micromundos.
- Xela Arias. Poeta nas marxes. Portada e collages interiores (2021) Daniel Chapela (coord.) O Arquivo das Trasnas, Pontevedra.
- Círculo dentro do círculo, 2021. Urutau editora. Poemas de Inma Doval Porto e colaxes de Emma Pedreira.

Edicións dixitais

- Un anaco da novela As fauces feroces, traducida para o inglés por Kathleen March como Voracious.
- O seu micropoemario Poemas irlandeses, traducido ao español por Víctor Vázquez e ao inglés por Jorge R. Durán.
- A Fundación Esteros publicou na súa revista dixital a versión bilingüe galego-castelá de Facelo por toda a casa
- Un anaco de Besta do seu sangue, traducido ao inglés por Kathleen March.

Premios

- Premio Johán Carballeira no 1998, por *Diario bautismal dunha anarquista morta*.
- Premio Faustino Rey Romero no 1999, por *Corpo*.
- XII Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón no 1999, por *Grimorio.*
- Premio Johán Carballeira no 2000, por *Velenarias*.
- Premio Fermín Bouza Brey no 2001, por Os cadernos d'amor e os velenos.
- Accésit no XI Certame de Poesía Rosalía de Castro da Casa de Galiza en Córdoba no 2001, por *As posturas do día*.
- Premio Modesto R. Figueiredo no 2002, por *Os doces devorados*.
- Certame Manuel Murguía de narracións breves no 2002.
- Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño no 2005, por *Casa de orfas*.
- IX premio de poesía Novacaixagalicia no 2010, por *Antítese da ruína*.
- XIV Certame de poesía Concello de Carral no 2011, con *Libro das mentiras*.
- Premio de poesía Gonzalo López Abente no 2015, por *S/T*.
- Premio Narrativas Quentes no 2016, por *Corazón e demais tripas*.
- Premio internacional Jovellanos. El mejor poema del mundo no 2017 por "*Lista da compra da viúva*".
- Premio de poesía Concello de Vilalba no 2017, por *Antídoto*.
- VI Premio de Microrrelatos Mulleres Progresistas de Vigo en 2018, por *Metamorfose*.
- Premio da Crítica de narrativa galega no 2018, por *Bibliópatas e fobólogos*.
- Premio Xerais de novela en 2018, por *Besta do seu sangue*.
- Premio de poesía Fiz Vergara Vilariño no 2018, por *As voces ágrafas*.
- Premio Arcebispo Xoán de San Clemente por *A besta do seu sangue* en 2019.
- Premio Jules Verne de Literatura Infantil con *Os corpos invisibles* en 2019.

- Premio de relato de aventuras Avilés de Taramancos con *Cicatrices do aire* en 2020.

## Culleredo : Pilar Pallarés




Pilar Pallarés García é unha poeta galega nada en Culleredo. Estudou Filoloxía Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. Colaborou en diversas revistas, como *Grial*, *Coordenadas*, *Dorna*, *Nordés* ou *Festa da Palabra Silenciada*. Pertenceu ao colectivo poético **De amor e desamor**.

Tras a publicación do seu primeiro libro, *Entre lusco e fusco* (1980), converteuse nunha das voces poéticas máis importantes da poesía galega. Posteriormente publicaría as obras Sétima soidade (1984, Premio Esquío de poesía en 1983) e Livro das devoracións (1996). Logo seguiríanlle Poemas (2000), Leopardo son (2011) e Tempo fósil (2018), este último traducido ao castelán e ao inglés.

Ademais, ten colaborado en varias revistas con estudos de crítica literaria. Actualmente exerce de profesora de literatura galega no Instituto Ramón Menéndez Pidal da Coruña.

Obra

Poesía

- Entre Lusco e Fusco, (1980). Ediciós do Castro. [**GAL/1057**]
- Sétima soidade, (1984). Edicións da Sociedade de Cultura Valle-Inclán. [**GAL/3724**] e [**GAL/1233**]
- Livro das devoracións, (1996). Espiral Maior. Traducido ao inglés, Fossil Time & Book of Devorations (2021). [**GAL/5774**]
- Poemas, (2000). Universidade das Illas Baleares. Servizo de Publicacións.
- Leopardo son (2011, Espiral Maior). Foi traducida ao inglés. [**GAL/16610**]
- Tempo fósil, (2018, Chan da Pólvora). Traducido ao castelán, Tiempo fósil (2020) e ao inglés, Fossil Time & Book of Devorations (2021). [**GAL P 74**]

Ensaio

- Rosas na sombra (a poesía de Luís Pimentel), (1991). Edicións do Cumio.
- Carballo Calero. Caderno didáctico, (1994). Concello de Ferrol.

Infanto-xuvenil

- Unha boa gatucada! (2023). Baía Ed.

Edicións

- Fillo de Eva (88 poemas de Carvalho Calero), (1992), Sociedade de Cultura Valle-Inclán.

Premios

- Gañadora do Premio de Poesía O Facho no 1979.
- Premio Esquío de poesía no 1983, por Sétima soidade.

- Premio de poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 2012, por Leopardo son.
- Escritora na súa Terra-Letra E da AELG en 2019.
- Premio da Crítica española 2018 por Tempo fósil.
- Premio Nacional de Poesía 2019 por Tempo fósil. Ministerio de Cultura.

# Curtis : Anxeles Penas




**Ánxeles Penas García**, poeta e artista plástica galega, naceu en Teixeiro (Curtis) no 1943.

Licenciada en Filosofía e Letras e en Belas Artes, fixo tamén estudos de música no Conservatorio da Coruña e de Maxisterio. No ámbito plástico ten a dobre faceta de escultora e pintora, tendo fundado no 1975 o Grupo de Arte Experimental **A Carón**.

É membro de **AULIGA**, e pertence ao Consello asesor da revista Serta, da UNED. Colaborou en diversas revistas e xornais como autora e crítica de arte. Ten estudado a Cunqueiro, Celso Emilio, Rosalía de Castro, Xohana Torres, Grandío e Laxeiro, e colaborou en publicacións sobre artistas plásticos galegos.

Na Biblioteca podes atopar as seguintes obras da autora:

**Obra**

- Amor deshabitado [**GAL/13537**]
- Con los pies en la frontera [**EL/384**].
- Galicia fondo val [**BM/480**]
- Perfís poéticas [**GAL/12842**]
- O Santuario intocable [**GAL/12914**]
- Ya soy para tu muerte [**EL/433** e **EL/563**]
- Costa, Alfonso. Alfonso Costa / [textos Anxeles Penas, Eva Veiga]. **GAL/13623 FGE/284** Ded. autógr. do autor
- REALISMOS, expresionismos, abstracciones. **FGE/30/14**
- Ya soy para tu muerte [**MM SD 860-1 PEN yas**]
- Perfís e poéticas [**MM SD 869.9-1 PEN per**]
- Amor deshabitado [**MM SD 869.9-1 PEN amo**]
- DE aconteceres lonxanos, arumes de xentes e terra [DVD] : José Sánchez Anido, José Martínez Pardo, Ánxeles Penas. [**FN 929 DEA (Galicia) FONDO**]

# Dodro : María Lorenzo Miguéns




María Lorenzo Miguéns, nada en Tarrío (Laíño, Dodro) é unha autora galega de literatura. Pertencente a unha familia de escritores (o seu pai Manuel Lorenzo Baleirón e o seu tío, o poeta Eusebio Lorenzo Baleirón), licenciada en Comunicación Audiovisual e Grao en Mestre de Educación infantil.

Obra

• Tonas de laranxa, 2012, Xerais. Con Manuel Lorenzo Baleirón. [GAL/16564 e eBiblio]
• Certame Contos para a mocidade, 2002, Xunta de Galicia.

Premios

• Accésit no Certame Contos para a mocidade en 2002, por Cabalos azuis.
• Accésit no Premio Carlos Casares de microrrelato en 2007, por O limoeiro.
• Gañadora do **Premio Xerais 2012**, xunto ao seu pai Manuel Lorenzo Baleirón, por Tonas de laranxa.

Ficha da autora en Xerais.

O xurado do Premio Xerais dixo de "Tonas de laranxa":

É un «acto de amor á lingua, arrecendente, profundo, vivo, diverso e capaz de espertar a fame do lector ou lectora».

Construíndo un espazo imaxinario e marabilloso, a novela, escrita a dúas mans por María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, filla e pai, narra o que sucede nese espazo, chamado Moreira, no que se van tecendo as vidas, por veces insólitas, de moitos personaxes curiosos, fabulosos, entrañables, que se acomodan na imaxinación dos lectores e lectoras e estimulan os nosos sentidos para crear unha atmosfera intemporal, sutil e poderosa ao tempo.

A través de Uxío Oliveira, da súa cativadora avoa Aurora dos Santos, do inmigrante Amir Alfarat e da súa filla Oriana, do misteriosamente desaparecido Amaro e da curiosa peixeira Sofía Costa, e de tantos outros personaxes, os autores constrúen unha fabulación extraordinaria, que debulla os pequenos feitos que suceden na vila de Moreira. "Tonas de laranxa" bota man dunha linguaxe enormemente rica e fluída, evocadora. O resultado é unha novela de engaiolante beleza e musicalidade.

O tratamento do tempo e a importancia dos reloxos dota a novela, paradoxalmente, dunha estraña e doce sensación de atemporalidade, empuxando á pracidez, á beleza e ao preciosismo.

# Dumbría : Laura Suárez




Laura Suárez Fernández, naceu en **Dumbría**, aínda que reside en Cee, e é unha ilustradora e autora galega.

Graduouse en Belas Artes na **Universidade Politécnica de Valencia**, especializándose en ilustración. Despois formouse no mestrado de Ilustración e Cómic da **Escola Elisava**, en Barcelona. Actualmente traballa coma autora e ilustradora editorial, especializada en ilustración infantil e cómic.

A súas ilustracións foron publicadas en medios divulgativos como Time Out ou 180 hilos, e educativos, como a revista Cocoter. Actualmente traballa como ilustradora literaria para diversas editoriais. En Xerais, é a autora das ilustracións dos libros «Conexión Macarrón» (2019), «Unha veciña de película» (2023) e «Luísa Villalta. Alma de violino» (Xerais, 2023).

Realiza o seu traballo con técnicas mixtas, mesturando ferramentas dixitais con materiais tradicionais, coma gouache ou lapis de cores.

Obra

- Los cuentos de la niebla. (2019) Editorial Dibbuks.
- Una bona amiga. (2019) Editorial Baula, del grupo Edelvives.
- Conexión macarrón. (2019) Con texto de Ledicia Costas. Xerais.
- Tales of the mist. (2020) Europe Comics.
- Cuentos españoles de hoy y siempre. (2021) Con texto de Magela Ronda. B de Blok, del grupo Penguin Random House. Barcelona. [**N RON cue / r**]
- Monte Pindo. Historias e lendas do Olimpo Celta. (2021) Galaxia. [**GAL C 44** ]

A autora na rede:

- Ficha de autora en Galaxia.
- Ficha de ilustradora en Xerais.
- Ficha de autora en tebeosfera.
- Web da autora
- Que pasa na Costa [Entrevista ]
- Nós diario [Entrevista ]
- Dumbría e cultura [Artigo ]
- La Voz de Galicia [Artigo ] [Artigo ] [Artigo ]
- El Correo Gallego [Artigo ] [Artigo ]
- https://www.instagram.com/laurasuarez/
- https://www.facebook.com/laurasuarez.info

# Fene : Paula Carballeira




Paula Carballeira é actriz, autora e contadora de historias.

Naceu en Fene e reside en Compostela, e a súa obra conta con diversos premios como o **Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil** (que gañou en diversas ocasións) e o **Concurso nacional de contos infantís O Facho**.

Gran parte do seu traballo discorre dentro do eido da narrativa e o teatro infantil e xuvenil, pero tamén publicou varios poemarios, como Contatrás ou Alicia & Alicia.

Forma parte da compañía de teatro **Berrobambán** e ten participado en numerosos festivais de narración oral nacionais e internacionais.

Obra

Literatura infanto-xuvenil

- A percura (Edicións do Cumio, 1990)
- Robin e a boa xente (Edebé-Rodeira, 1993). Foi traducida ao castelán. [**N CAR rob / v**]
- Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima (Edebé-Rodeira, 1996). Foi traducida ao castelán.
- Historia de amores e viaxes (Edebé, 1996) [**T CAR his / v**]
- Mateo (Kalandraka, 1999). Foi traducida ao castelán, ao catalán e ao éuscaro.
- Olo-iepu-iepu (Galaxia, 1999)
- Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico (Xerais, 1999) [**N CAR por / v**]
- Paco (Kalandraka, 2001). Foi traducida ao castelán, ao catalán,[ao éuscaro, ao portugués, ao inglés e ao italiano. [**N CAR pac / z**]
- Correo urxente (Edebé-Rodeira, 2002). Foi traducida ao castelán e tamén publicada en braille. [**N CAR cor / r**]
- O ganso pardo (Edelvives, 2002). Foi traducida ao castelán.
- Smara (Kalandraka, 2006). Foi traducida ao castelán, ao éuscaro e ao portugués. [**N CAR sma / v**]
- A casa redonda (Baía, 2008)
- O lobishome de Candeán (Galaxia, 2009) [**N 869.9 CAR lob / a**]
- As outras historias (Galaxia, 2011) [**P CAR out / r**]
- Casas (Tambre, 2012)
- O principio (Kalandraka, 2012). Foi traducida ao castelán, ao catalán, ao éuscaro, ao portugués, ao inglés e ao italiano. [**D14760 087.5 CAR pri**]
- A burra Ramona (Baía, 2013)
- Chímpate, Pepa! (Triqueta Verde, 2013). Foi traducida ao castelán e ao inglés.
- Bruxa e familia (Oqueleo, 2017)

- Benxamín, o cachalote que quería ser golfiño (Triqueta verde, 2018)
- A tartaruga Amodovou (Oqueleo, 2019)
- Carabela (2020). Galaxia. Ilustracións de Abi Castillo. [*eBiblio* **]**
- Pan con chocolate. A merenda de Gianni (2021). Vigo: Xerais, col. Merlín. Ilustracións Xiana Teimoy. [*eBiblio* **]**
- Trece avisos. Contos para ler pola noite (2022). Vigo: Xerais, col. Sopa de libros. Ilustracións de Iria Fafián. Traducida ao castelán pola propia autora. [*eBiblio* **]**
- Daniel no peirao (2023). Vigo: Galaxia. [*eBiblio* **]**
- Wombo Combo (2024). Vigo: Xerais.

Narrativa

- Los Colores del miedo = as cores do medo / Paula Carballeira y Pablo Albo Guadalajara : Palabras del Candil, [2009] [**N 869.9 CAR col / a**]
- A era de Lázaro (Galaxia 2004) [**N CAR era / m**]

Teatro

- Boas noites (Xerais/Xunta de Galicia, 2007) [**T CAR boa / v**]
- Alicia & Alicia (Edicións Morgante, 2010) [**GAL/16520**]
- Pressing catch (Positivas, 2010)
- A folla máis alta (Versión dramática do poemario Contatrás, 2012)
- O refugallo (Xerais, 2013). Premio Manuel María 2011 [**T CAR ref / v**]
- Doppelgänger (Ed. Positivas, 2018)
- Somos os monstros (2019). Xerais, Biblioteca Dramática Galega [EbiblioDaCoruna]
- As alumnas (2023). Vigo: Galaxia. Premio Nacional de Literatura Dramática do Ministerio de Cultura e Deporte. [**GAL T 12 e eBiblio**]

Poesía

- Contatrás (Positivas, 2006) [**P 869.9 CAR con / a**]
- Contatrás, II-I (Positivas, 2012) [**GAL/16847**]
- Nunca mascotas (Ed. Galaxia, 2016) [**P 869.9 CAR nun / a**]

- Hai quen escolle os camiños máis longos (Ed. Positivas, 2018). Foi traducida ao portugués e ao italiano.

Ensaio

- E continuaremos a contar (2021). Através. [**GAL I 247**]

Premios

- 2º Premio do Concurso nacional de contos infantís O Facho no 1988, por A morte do mar.
- I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, no 2006, por Boas noites.
- Finalista do III Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, en 2009, por Servizo de Información.
- Gañadora do Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil no 2011, por O refugallo.
- Premio Frei Martín Sarmiento de 1º e 2º de primaria en 2016, por A Burra Ramona.
- X Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2018 por Somos os monstros.
- VIII Premio Follas Novas do Libro Galego en 2023 por As alumnas.
- Premio Nacional de Literatura Dramática 2023 pola obra As alumnas.

# Ferrol : Lola Beccaria




María Dolores Beccaria Cigüeña, máis coñecida como Lola Beccaria, nada en Ferrol, é unha escritora galega en lingua castelá.
É doutora en filoloxía hispánica e traballou na Real Academia Española como lexicógrafa e lingüista. Actualmente desempeña o seu labor no departamento de consultas lingüísticas. Ademais, colabora como crítica literaria no suplemento cultural do xornal ABC.
Descubriu e editou unha comedia perdida de Lope de Vega, El otomano famoso (Editorial

Áltera, 1996). Foi finalista do **Premio Nadal** no ano 2001 coa súa novela La Luna en Jorge, e en febreiro de 2009 conseguiu o **Premio Azorín** por El arte de perder.

Na Biblioteca da Deputación podes atopar as súas novelas:

•La Debutante (1996) [PS/3460]

•La Luna en Jorge (2001). Finalista do Premio Nadal [**GAL/9264**]

•Una Mujer desnuda (2004) [**GAL/11125**]

•Mariposas en la nieve (2006)[**GAL/12549**]

•El Arte de perder (2009). Premio Azorín 2009. [**3S/5074** e eBiblio ]

•Mientras no digas te quiero [eBiblio]

# Fisterra : Branca Vilela




Branca Vilela Fernández, é unha poeta galega de Fisterra.

Realizou estudos de Xestión Empresarial. Foi armadora dunha empresa francesa e outra española. Despois foi empresaria de restauración e agora traballa na organización de congresos e recitais.

Escritora dende moi nova, gañou algúns premios literarios. O seu primeiro poemario *Anclas varadas en la memoria* (en castelán) apareceu en 2004. Co poemario *A faciana*

*das augas* (2005) participou nun estudo da Universidade de Dakota do Norte e recibiu a mención de honra ao mellor poemario escrito en lingua romance o que a levou a facer unha xira por diferentes estados dos Estados Unidos. En 2008 foi finalista do II Premio Internacional Rubén Darío co libro *Préstame tu voz.* Premio Escriduende ó conxunto da súa obra (2016).

É membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega, socia fundadora do Pen Club España e pertence a comisión de mulleres escritoras do Pen Club Internacional. Foi codirectora das Xornadas Literarias: Fisterra Patrimonio Cultural Europeo, I Encontro Cabana de Bergantiños, I Encontro e organizadora do I Recital Poético Solidario.

Obra

Poesía

- Anclas varadas en la memoria, 2004, Sial.
- A faciana das augas, 2005, Toxosoutos.
- Déixame a túa voz, 2008. Edición bilingüe galego-castelán. Editorial Sial [**GAL/14166**]
- A forza do poema, 2012, Lastura.
- Me diste la tierra, 2013. Sial Pygmalion.
- No silencio dos lapis, 2017, Pigmalión Edypro. [**GAL P 71**]
- Costa da Morte, Territorio Literario (Antoloxía), 2017, Pigmalión Edypro.
- Adeus espido do mar, 2019, Trifolium. [ **GAL P 70**]
- Pesadelo da creación, 2022, Medulia.

Obras colectivas

- Erato bajo la piel del deseo, 2010, Sial Ediciones. Edición bilingüe galego-castelán.
- 150 Cantares para Rosalía de Castro (2015, libro electrónico).
- La voz y la escritura. Sial.
- Guia viva de heterodoxos. Sial.
- La primera vez que perdí el alma, encontré el sexo. Sial.

A autora na Rede

Branca Vilela na páxina web da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

# A Laracha : María Rei Vilas




María Josefa Rey Vilas, máis coñecida como **María Rei Vilas**, naceu na **Laracha**, e é catedrática de Bioloxía e Xeoloxía amais de escritora galega.
Exerce a súa profesión de Catedrática de Bioloxía e Xeoloxía no IES Agra de Leborís da Laracha e colabora no eido do asociacionismo educativo da comarca de Bergantiños. É autora de libros de texto de Bioloxía e Xeoloxía.

En 2020 escribe a súa primeira novela, coa que xa acadou diversos premios.

Obra

- Flores de ferro (2020). [**GAL N 31 e eBiblio**]

Premios

- Premio García Barros 2020 por Flores de ferro.
- Premio Arcebispo Xoán de San Clemente por Flores en Ferro en 2022.

A autora di:

> 'Flores de Ferro', ambientada nos anos 80, achégase aos silencios da represión, co elemento que lle dá título moi presente na trama ao tempo que se fai metáfora das mulleres que a protagonizan.
>
> A novela está escrita desde tres puntos de vista. Está Camila, a protagonista máis nova, situada en 1987, que tería 35 anos. Aínda que é un pouco maior ca min, identifícome con ela. Creo que medrei cun relato desfigurado da realidade. Son da Laracha, dunha vila pequena, meus pais veñen dun contexto rural. Estiven sempre rodeada de mulleres fortes -as miñas veciñas, as miñas tías, as miñas avoas-, pero que nunca se atreveron a falar do pasado de fronte, con ese silencio ou negación, mesmo ocultación do pasado familiar, nalgúns casos republicano.
>
> É como unha débeda coa xeración das miñas avoas ou da miña nai, que morreu mentres estaba a escribir a novela, por certo, e ten o nome dunha das protagonistas. Son historias que fun almacenando durante moito tempo na miña cabeza, ou en cartafoles. Tamén tivo peso un obradoiro de teatro onde a media era de 70 anos, todas mulleres. Alí aprendín a ver un pouco cos ollos delas.
>
> Fonte: Nós Diario, Entrevista feita por Irene Pin o 23/11/20. Dispoñible en liña

## Malpica de Bergantiños : Marta Villar




Marta Isabel Villar Rodríguez, coñecida como Marta Villar, naceu en Malpica e é unha xornalista e escritora galega.

Activista en prol do feminismo, escribe poesía e relatos, cos que ten colleitado premios tanto en galego como en castelán. Este ano publicou a súa primeira novela escrita en galego e na actualidade é redactora do xornal **La Opinión** da Coruña.

## Obra

- Non temerás os coches amarelos (Xerais, 2023) [**GAL N 83**] e na **eBiblio**

**Sinopse**: A vida de Dina Souto, que traballa como bolseira nun xornal, abala nunha contradición permanente: intentar ser unha persoa normal ou deixarse levar pola violencia brutal que prendeu nela durante a infancia e que lle gusta máis do que quere recoñecer. O asasinato que presenciou sendo cativa e a pertenza a unha entidade secreta son elementos que se cruzan cunha traxedia persoal e un amor eterno que parece imposible. Cun estilo rotundo, directo e moi estilizado, en «Non temerás os coches amarelos» preséntasenos a militancia da protagonista contra o machismo, a súa crenza na violencia para erradicar a violencia, pero tamén a vida da última xeración que estivo en contacto coa terra, o elo entre a Galicia rural e a Galicia urbana, as experiencias dos emigrantes nas plataformas de petróleo ou dos que traballaban nas minas de volframio. Historias da vida que se mesturan coas historias que se viven, e se escriben, cada día nun xornal.

## Premios

2020: Premio **Tiflos de Xornalismo**, por Mi madre aprende a dibujar.
2020: Finalista no XLI **Premio de Xornalismo Julio Camba** Afundación por Mi madre aprende a dibujar.
2021: Finalista **certame de microrrelatos** da **Real Academia Galega** e **PuntoGal**.
2021: Finalista no **Premio de Poesía Gloria Fuertes** do Concello de La Rinconada (Sevilla).
2022: Finalista **certame de microrrelatos** da **Real Academia Galega** e **PuntoGal**.

## Artigos e entrevistas

•Nós Diario. Entrevista 11/04/2023
•Radio Coruña. Marta Villar, escritora de 'Non temerás os coches amarelos' [Vídeo]
•Onda cero. Más de uno Coruña, 02/03/2023. Marta Villar nos presenta Non temerás os coches amarelos [Audio]

# Mazaricos : María del Carmen Rey Nuñez




María del Carmen Rey Núñez (Maricarmen do Ancho de Lugarnovo, como agarimosamente a coñecen os seus veciños) naceu no concello de Mazaricos, e é unha gandeira e escritora galega.

Dedicou a súa vida laboral ao coidado dunha explotación gandeira, e a súa gran afección pola literatura fixo que se metese de cheo neste mundo. Este ano vén de publicar a súa terceira novela.

Obra

- As arelas de Mariña (Toxosoutos, 2023)
- Mulleres(Toxosoutos, 2018) [**GAL N 109**]

  Pode unha muller escapar dun destino marcado pola adversidade? Pode ese destino herdarse por liña materna?
  Esta novela é unha historia centrada nas vidas de varias mulleres e en como se fan coas rendas da súa existencia arrepoñéndose a todo ao que o mundo as condenou. Mulleres que levantan a cabeza, que saen adiante polos seus propios medios, mulleres que se enfrontan aos seus medos e que conquistan un futuro mellor sacando as unllas, erguendo a voz.
- Escapados(Toxosoutos, 2017)

Recursos

- Voz de Galicia (05/03/2019)
- Voz de Galicia (18/12/2020)
- Que pasa na costa
- Correo TV
- A.C. Alexandre Bóveda
- Caderno da Crítica
- Radio Galega. Diario cultural (09/11/2017)

Nas Redes

INSTAGRAM: https://www.instagram.com/mariadelcarmenreynunez/
FACEBOOK: https://www.facebook.com/mariadelcarmen.reynunez

# Melide : Mary Quintero




**María del Carmen Quintero Corredoira** (nada en **Melide**) foi a maior de catro irmáns nunha familia dedicada á fotografía.

O seu pai, Aurelio, e a súa nai, Amadora, posuían un estudo onde a precoz fotógrafa medrou aprendendo técnica e arte a un tempo. A súa nai destacara na técnica de dar cor a fotografías en branco e negro, técnica artística moi en boga antes da Primeira Guerra Mundial e da que en Galicia non se coñecen outros precedentes de mulleres que a practicasen.

Sendo aínda adolescente, estudou en Madrid retoque fotográfico con Pedro Jaraba e pintura con Carlos Pascual de Lara. Nesa etapa coñeceu o fotógrafo húngaro Juan Gyenes.

Mary Quintero foi o seu nome profesional desde a súa primeira exposición, cando tiña 16 anos, no Círculo das Artes de Lugo, a onde se trasladara o estudo familiar. No 1954 trasladouse a Vigo, logo de facer varias exposicións de moito éxito.

Interesada polos grandes avances técnicos que experimenta a fotografía na segunda metade do s. XX, foi incorporando novidades ao seu traballo, entre elas salienta un proxector de fondos que chamou moito atención pola importancia para ambientar as súas composicións fotográficas.

Desde os anos 70, foi frecuente a súa presenza en encontros profesionais en España e no exterior. Alén de ser considerada unha notable cronista da sociedade do seu tempo, fixo incursións no cartelismo ao recibir o encargo de facer as fotografías de candidatos a diferentes convocatorias electorais.

Colegas seus coma Schommer, Maspons, Lucas ou Vargas tiveron en alta consideración a súa figura, que tamén acadou o recoñecemento institucional co nomeamento como Viguesa Distinguida e coa Medalla de Bronce da Xunta de Galicia, entre outros.

Obra

- Álbum de carnaval (Grupo foto, 1987). [**ML/304**]
- Así os viu a súa cámara (Concello de Vigo, 1995). [**ML/2265**]
- Mary Quintero, retratista desde os 15 anos (Xerais, 2015). [**GAL I 275**]

Premios

1981. Premio "Mejor Fotógrafo de España", outorgado no **II Congreso Nacional de Fotografía** celebrado en Oviedo.
1981. Granada de Oro da **asociación Profesional Andaluza**.
1984. Medalla Meritxell do **Principado de Andorra**.
1985. Premio "Master de popularidad".
1986. Premio "La novia del año Kodak" patrocinado por Kodak e Pronovias.
1988. Premio "Libro del Año" de imaxes polo seu libro Álbum de carnaval.
1994. Premio Viguesa Distinguida, outorgado polo Concello de Vigo.

2001. Medalla de Ouro e Brillantes de Sevilla.
2002. Medalla de Bronce de Galicia, outorgada pola **Xunta de Galicia**.
2005. Elixida Profesional do ano (Óscar 2005) pola revista Foto Ventas dixital.
2006. Medalla de Ouro da Comunidade Valenciana como homenaxe a toda a súa carreira.
2015. A **Deputación da Coruña** recoñeceuna como "Fotógrafa histórica", sendo a primeira muller en recibir este nomeamento.
2017. Premio Empresarias Galicia, outorgado pola **Asociación Empresarias Galicia**.

# Miño : Lúa Mosquetera




**Lúa Mosquera Tenreiro**, nada en **Miño** e graduada en Lingua e Literatura Galegas pola Universidade de Santiago de Compostela, é unha escritora e artista multidisciplinar, definida como activista da palabra armada e creadora do reguetón feminista.

A súa sinceridade, a súa forza e a súa valentía fan dela unha voz fermosamente desgarradora, que é quen de engulir a mediocridade e o cansazo vital para cuspilos logo en forma de verdade e beleza, xa sexa a través dun poema, unha fotocomposición, unha foto ou un bordado.

Conta con dous poemarios autoeditados: Rasrás (2018) e Aunque seas rara y seas pájaro (2020). O seu poema "Anorak de pel de caribú", incluído neste volume, mereceu o **Premio A[R]itmar de Mellor Poesía da Galiza** 2021.

**Campioa da Poetry Slam de Compostela** (2019/2020), practica o spoken word para espallar a súa palabra e cre no verso como ferramenta de salvación e de loita. Colabora con diferentes músicos como Pablo Seijas ou o grupo Bala. Os seus textos son en castelán e galego.

No ano 2022 saíron do prelo o seu terceiro e cuarto libro: Espíderman (en galego) e ¡Yo vivo!, este último é a súa primeira novela.

Diferentes proxectos que desenvolve na rede:

- Loro Facu , Festival de música e arte en Miño
- stay.bicha : BICHA [Roupa personalizada]
- cuentalobien : Foto bordada x @mosquetera_
- clubdebordado_ : Club de bordado en @lamapacheescuela encabezado por @mosquetera

Obra

- **Rasras** (2018)

> "Eu só tiña catorce anos cando me dei conta de que a fórmula da felicidade era saúde + familia + ovos fritos. Que era a fórmula da literatura e da poesía, o final de todos os camiños. Porque o literario rodéanos e envólvenos na charcutería, na cola do paro e, sobre todo, nas barras dos bares.
>
> A vergoña fainos humanos e o medo únenos para devolvernos á realidade. Somos pateticamente iguais, todos. Pero dime que iso non é bonito, que non podemos crer ti e eu nun mundo mellor e construílo este domingo, por exemplo, tombados na cama. Podemos reformar, paso a paso, a ilusión polas cousas, a esperanza de frear o avance masivo dos idiotas." (Lúa Mosquetera)
>
> BookTrailer

- **Aunque seas rara y pájaro** (2020)

"Este libro e todos os sentimentos e situacións que o construíron son para ler sen présa. O que vas atoparte aquí dentro son pequenas pezas que o meu peito construíu ao longo dos últimos dous anos. Que foron bonitos e tamén foron decepcionantes. Como todos os anos que pasan. O fío condutor, se o houbese, serían unhas ansias tremendas de alzar o voo.

Sería a finalidade deste libro normalizar e desexar, en parte, ser rara e ser paxaro. Porque ser muller, en moitas ocasións, significa ser estas dúas cousas. Poder voar cando creamos que chegou o momento adecuado, sen cargas emocionais, sen culpas, atadas a unha das nosas patiñas. Marcharse lonxe, moi lonxe, ou volver cando pasase o tempo suficiente, sen ter que pedir desculpas co pico."

(Lúa Mosquetera)

- **Espíderman** (Galaxia, 2022) [**GAL P 50**]

Espíderman revela que a poesía toda do mundo vive no cotián. Que hai Entroido na morte. Melodía nun axóuxere. Respostas nun vaso de viño. E moitísima verdade nunha ficción. A poesía salva e protexe. E estas páxinas poden amosalo.

- **¡Yo vivo!** (La Moderna, 2022) [**GAL/17259**]

A protagonista desta novela é libreira, apenas chega a fin de mes e ten 38 anos, os mesmos que a súa nai cando lle diagnosticaron leucemia. Entón, ela só tiña 18 e xa nada volvería a ser igual. Pero agora, no presente, sucédense as autofotos en instagram cos vasos do tiger ao fondo, as citas de tinder, os orgasmos vía WhatsApp, os problemas de autoimaxe baixo os mandatos de xénero, os libros de mandalas para colorear e os ansiolíticos. Coma se este libro fora, en realidade, un podcast (ou un longo poema en prosa) sobre o labirinto existencial da xeración millennial.

BookTrailer

Las tardes de RNE. Lúa Mosquetera presenta "¡Yo vivo!" (29/12/2022)

Artigos e entrevistas

- La Voz de Galicia. Entrevista 06/06/2020
- La Voz de Galicia. Entrevista 05/10/2022
- Nós Diario. Entrevista 09/09/2021
- El SaltoTV. A Catapulta 01x02 Lúa Mosquetera
- Poetry Slam Compostela 2019-2020 [Video ]
- Certame aRi[t]mar Galiza e Portugal. Entrevista a Lúa Mosquetera, premio aRi[t]mar a Mellor Poesía do Ano 2021 na Galiza
- G24.gal Entrevista 03/10/2022

A autora nas redes:

- Instagram: mosquetera_
- Twitter: @mosquetera_

# Mugardos : Teresa Cameselle




María **Teresa Cameselle** Rodríguez, nada en **Mugardos**, é unha escritora galega en lingua castelá especializada en novela romántica e narrativa histórica.

Comezou a súa carreira coa participación en certames de relatos, cos que gañou algún galardón e a publicación en diversas antoloxías. En 2008 foi finalista no **Premio de Novela de La Voz de Galicia**. Tamén en 2008 gañou o **Premio Talismán de Novela Romántica** coa súa primeira novela longa, La hija del cónsul, que se publicou o mesmo ano.

A súa relación profesional coa literatura tamén a levou a impartir obradoiro, organizar clubs de lectura e ser relatora en diversos congresos e eventos literarios. Tras doce novelas publicadas, en 2020 recibiu o **Galardón Letras del Mediterráneo** da Deputación de Castelló pola súa traxectoria na novela romántica.

Obra

- La hija del cónsul (2008-2015)
- No todo fue mentira (Espejismo - Inesperado - Coral) (2010)
- El mapa de tus sueños (2012) [**GAL/16691**]
- No soy la Bella Durmiente (2014) [**GAL/10297**]
- Quimera (2015) [**GAL/7659**]
- La decisión de Blanca (2016)
- La pesadilla del sultán (2018)
- El maestro de piano (2017)
- Como el viento de otoño (2019) [**GAL/17222**]
- No me llames Cenicienta (2019)
- Site quedas en Morella (2020)
- Tú eres quien me ilumina (2022)

Premios

- **Premio Talismán** pola súa novela *La hija del cónsul* (2008)
- **Premio Dama** pola súa novela *No soy la Bella Durmiente* (2014)
- **Premio Vergara** pola súa novela *Quimera* (2015)
- **Galardón Letras del Mediterráneo** (2020)

A autora nas redes

- El Blog de Teresa Camaselle

- Facebook
- Instagram
- Twitter
- Goodreads
- El Correo gallego [Entrevista ]
- Presentación de Como el Viento en Otoño de Teresa Cameselle en Coruña (13/04/19)
- Diario de Ferrol [Artigo ]
- Entrevistas a gente de Ferrolterra: TERESA CAMESELLE

# Muros : Ánxela Lema París




Ánxela Lema París, nada en **Muros**, é Graduada en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios (2013) pola **Universidade da Coruña**.

No ano 2020 obtivo o título de Doutora, con mención internacional e cum laude, coa tese titulada Deconstruír o erotismo poético desde as non-monogamias. Estudo e relectura da poesía erótica galega e da súa recepción crítica na primeira década do século XXI.

Realizou, ademais, estudos de posgrao como o Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (2014), o Mestrado en Teoria da Literatura e Literaturas Lusófonas (2015) e o Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e ensinanza de idiomas (2021).

Foi leitora de lingua, literatura e cultura galegas e profesora temporal da **Université Sorbonne-Nouvelle Paris 3** (2015-2018), leitora de español no **Institut Universitaire de Technologie d'Amiens-Université de Picardie Jules Verne** (Amiens, France/2017-2018) e investigadora no **Centro Ramón Piñeiro** para a Investigación en Humanidades (2018-2020). Na actualidade ten unha bolsa Margarita Salas na modalidade posdoutoral.

Os seus ámbitos de investigación son os estudos de xénero e literarios, especialmente a análise de como inflúen o sistema sexo-xénero e o sistema monógamo á hora de relacionarnos coa literatura.

Forma parte do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria Galega (ILLA) e do Grupo EDIGAL.

Obra

- Tecermos redes, crearmos comunidade: Estudos sobre a obra de María Reimóndez. [**GAL I 252**]
- As nosas letras de Muller a Muller
- Ex-céntricas
- O cento voando: Amores, alianzas e non-monogamias [**GAL I 251**]

E tamén numerosos artigos e colaboracións en monografías.

## A autora nas redes

- Instagram: @xela.paris
- Canle de YouTube: @anxelalemaparis6267
- Facebook: Ánxela Lema París

## Narón : Ana Varela Miño




Ana Belén Varela Miño é unha poeta e tradutora galega nacida no concello de Narón.

Licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo e na actualidade traballa como tradutora e intérprete da Administración de Xustiza no TSXG.

Traduciu ao galego textos de Edgar Allan Poe e contos de Virginia Woolf. Tamén verteu ao castelán poemas de Antía Otero. En 2017 gañou o **Certame de Poesía Francisco Añón** con "Asombrario", o seu primeiro libro, e en 2019 obtivo o **VI Premio Gonzalo López Abente** con "Onde nacen as hedras".

## Obra

Poesía

- Asombrario, 2017. Concello de Outes. [**GAL/10242**]
- Onde nacen as hedras (2019). Edicións Xerais. https://ebiblio.dacoruna.gal/info/onde-nacen-as-hedras-00049513

Traducións

- Edgar Allan Poe (2002). Berenice e outros relatos. Tradución ao galego de Ana Varela Miño. Ir Indo Edicións.
- Antía Otero (2018). "Yo escribo en...galego" [escolma de poemas]. En Nayagua: Revista de poesía, 3(27), 91-103. Tradución ao castelán de Ana Varela Miño. Fundación Centro de Poesía José Hierro.
- Virginia Woolf. Relatos de Virginia Woolf. Tradución ao galego de Ana Varela Miño. Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego.

Premios

- Certame Francisco Añón (2017), por *Asombrario*.
- VI Premio de Poesía Gonzalo López Abrente (2019) por *Onde nacen as hedras*.

## A autora nas redes

- La Voz de Galicia [Artigo , Entrevista ]
- Radiofusión. Presentación de Asombrario [Audio ]
- UVigoTV [Vídeo ]

# Neda : Mariola Hermida




Mariola Hermida Romero, nada en Anca (Neda) é unha autora de poesía e relato curto.

Na actualidade reside en Perlío (Fene) e traballa de técnico especialista de laboratorio no Arquitecto Marcide-Novoa Santos.

En 1998 publicou un libro en castelán en edición de autor: "Alrededor de uno mismo". Foi alumna durante 10 anos do Obradoiro literario de Fene a cargo de Eduardo Estévez.

Publicou algúns poemas nas revistas As voces da casa, A gaceta de Fene, Sempre Mar, Voces para a catalepsia, Noche otoñal e Atardecer sereno, estas dúas últimas en castelán.
Tamén ten algún relato publicado en "Relatos de verán" do diario La Voz de Galicia. Como integrante do **colectivo Moraima** é habitual vela colaborar en recitais poéticos e eventos culturais.

Obra

- Alrededor de uno mismo (1998)
- Zurcindo latexos (Vampiro de libros, 2015)
- Onde nacen os pexegueiros(Terra Ignota, 2022) [**GAL P 79**]

  Onde nacen vos Pexegueiros, sinala Mariola, é un poemario dedicado á casa familiar paterna. «Son os meus recordos da infancia e xuventude e tamén unha homenaxe a toda a xente da aldea, a súa loita e fortaleza. Tamén á muller, que xoga un papel importante aínda que moitas veces solapado. É tamén unha homenaxe á natureza, que está moi presente ao longo do poemario». A maquetación e as ilustracións son de Ángel Fernández Hermida, o seu fillo pequeno.

A autora na Rede

- Blog do Colectivo Literario Moraima: https://clmoraima.blogspot.com/2017/11/mariola-hermida-romero.html
- La Voz de Galicia. [Entrevista ] [Artigo ]
- Diario de Ferrol [Artigo ]
- Radiodifusión [Entrevista ]
- Facebook: https://www.facebook.com/mariola.hermidaromero/?locale=es_ES

# Noia : Ana Romaní




Ana Romaní Blanco, nada en Noia, é unha poeta e xornalista cultural galega, e tamén académica numeraria da **Real Academia Galega**.

Participou na creación de asociacións e revistas culturais na súa terra. Foi actriz de dobraxe e desde 1988 está vencellada á **Radio Galega**.

Canda a Antón Lopo fundou o Laboratorio de Indagacións Poéticas, participou na creación da revista Festa da Palabra Silenciada e da asociación Mulleres Galegas na Comunicación (**MUGACOM**).

Elabora con outras autoras o estudo **Muller e Medios de Comunicación**. Imaxe e Protagonismo. Forma parte da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega. Escribiu as biografías de María Mariño, Belén Feliú e Xela Arias para o "Álbum de Mulleres".

No 2018 foi **Premio Nacional de Xornalismo Cultural** do Goberno de España. Na acta o xurado motivou así a concesión do galardón: "pola súa longa traxectoria no xornalismo, o seu labor arreo na promoción da cultura e da radio con formatos propios, (...) pola súa visión do feminismo crítico e compromiso social.

Obra

Poesía

- Palabra de mar, 1987.
- Das últimas mareas, 1994.
- Arden, 1998.
- Love me tender, 2011.
- Estremas, 2010. [**GAL/16212**] e eBiblio
- A desvértebra, 2020. [**GAL P 65**]

Ensaio, edicións e outros xéneros

Publicou artigos en numerosas revistas e colabora no Album de Mulleres do Cosello da Cultura Galega. Tamén tomou parte nunha gran cantidade de obras en colaboración. De todas elas imos destacar al que seguen pois son algunhas das que se poden consultar na bilbioteca:

- Antoloxía, de Antón Avilés de Taramancos, 2003. [**GAL/10468**]
- Avilés de Taramancos: fotobiografía sonora, 2009 [**GAL/14473**]
- Táctil resonancia : da derrota dun esplendoroso veleiro, as voces flotantes e os cantos das baleas / [discurso lido o día 6 de abril de 2019 no acto da súa

recepción, pola ilustrísima señora dona Ana Romaní e resposta da excelentísima señora dona Margarita Ledo Andión] **[GAL I 67]**

Premios

- Premio Xerais á cooperación no labor cultural no 1999.
- Premio San Martiño á Normalización Lingüística e Cultural no 2000.
- Premio da AELG no 2007, ao Diario Cultural.
- Premio ao Fomento da Lectura na modalidade de radio da Federación de Gremios de Editores de España no 2007, ao Diario Cultural.
- Premio Atlántida á xornalista radiofónica do Gremi de Editors de Catalunya no 2008.
- Premio de honra Marisa Soto da Asociación de Actores e Actrices de Galicia no 2009.
- Premio á Traxectoria Xornalistica da Asociación de Escritores en Lingua Galega no 2009.
- Premio Ánxel Casal ao libro de poesía, dos premios da Edición da Asociación Galega de Editores, no 2010, por Estremas.
- Premio da AELG de poesía no 2011, por Estremas.
- Premio da Crítica Galicia de Creación literaria no 2011, por Estremas.
- Premio Xiria da Mostra de Teatro Cómico Festivo de Cangas no 2011.
- Premio da AELG á mellor xornalista cultural de 2012
- Premio III Gala do Libro Galego á traxectoria no xornalismo cultural no 2018.
- Premio da Crítica Galicia 2018.
- Premio Nacional de Xornalismo Cultural no 2018.
- Premio da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense en 2019.
- Premio da Crítica de poesía galega 2021 por A desvértebra.
- Premio Follas Novas do Libro Galego 2021. por A desvértebra.

Proxectos artísticos

- O Son da Pedra de Milladoiro.
- Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once poetas galegas da Fundación Rosalía de Castro.
- Son delas, coordinado por Uxía Senlle.
- Ó outro extremo do paraíso, 1997, con Antón Lopo.
- Lob*s, 1999, con Antón Lopo.
- Arden e Lisboa, 2000, con Rodrigo Romaní.
- Estalactitas (2002) con Anxos Romero e Lupe Gómez.

- Catro poetas suicidas. Intervención poética contra a levidade (2002), en solitario.
- A voz e o poema. Os periplos de Avilés de Taramancos con Anxo Quintela

A autora di:

Creo que os medios públicos de Galicia teñen pendente esa función de crear modelos propios de comunicación e información para un país, ir mais aló de ser medios de comunicación en galego, e crear modelos e paradigmas propios. Por outra banda, na base das miñas preocupacións profesionais está a visibilización da cultura en toda a súa amplitude, porque a cultura non é unha axenda de lecer nin un relato acelerado dunha sucesión de espectáculos sometido aos intereses do mercado ou doutra índole, que os hai.

Deberían ser os medios galegos, modelos de información dun país, polo tanto deseños propios de parámetros informativos, de liñas de programación, de estruturas organizativas que garantan a súa independencia, desde un profundo coñecemento e análise da historia e o presente dun país, dunha cultura, do idioma no que é. Como todas e todos vostedes saben, pensar en galego vai moito máis alá da lingua de uso, supón unha perspectiva, unha posición, unha realidade. Somos idioma, non a súa tradución. [Do discurso de ingreso na Academia Galega].

# Ordes : Eli Ríos




Elisabet Ríos Liste, máis coñecida como Eli Ríos, é una escritora galega que cultiva diversos xéneros. Naceu en Londres no ano 1976, aínda que se criou en terras de Ordes. Colabora en diversas obras colectivas, realiza obradoiros de escrita, contacontos infantís e forma parte da revista dixital de crítica literaria **A Sega** (@aSega_critica).

Conta con numerosos premios, entre os que destacan o Miguel González Garcés, o Torrente Ballester ou o Francisco Añón entre outros.

Na Biblioteca provincial disponemos dalgunhas das súas obras tanto en formato físico como dixital. Entre elas, recomendamos o poemario **Ningunha tortilla é mala** (**GAL P 13**) e a súa novela **O ceo das reixas** (**GAL/17377** e Ebiblio ), onde a autora recrea o ambiente carcerario a partir de protagonistas femininas e fainos descubrir que a liberdade non sempre depende do número de barrotes que teña unha reixa. Esta novela fala da invisibilización, dos silencios, da violencia e da linguaxe que constrúen cadeas imperceptibles arredor das mulleres.

Obra

Poesía

- Nós escoitando o badalo de Marienplatz, Espiral Maior Edicións, 2010.[**FGE/452**]
- Maria, 2013, O Figurante.
- Anamnese, 2014, Sotelo Blanco.
- Diario de fotogramas, 2014, Concello de Ribeira.
- Doe tanto a túa ausencia (traxedia dun solitario acto), 2015, Concello de Outes. [**GAL/12477**]
- Café intenso, 2017, Concello de Padrón.
- Culpable, 2017, Xerais. [**GAL/17023**]
- Se calhar não é o tempo o que importa, 2019, Urutau
- Ningunha tortilla é mala, 2019, Deputación da Coruña. [**GAL P 13**]

Novela

- Luns, 2017, Xerais.Traducida ao castelán.[**GAL/180** e Ebiblio ]
- Remexido de patacas, 2019, Baía Edicións.
- O ceo das reixas (2019). Xerais. [**GAL/17377** e Ebiblio ]

Literatura infanto-xuvenil

- Bicha, 2015, Deputación de Ourense.
- Marta e a píntega, 2016, Galaxia. [Ebiblio ]
- DX, 2018, Urco Editora.[**GAL/10988**]

Ensaio

Mulleres bravas da nosa historia: María Victoria Moreno, 2016, Urco Editora. [**929 MUL / v**]

Premios

- XII Premio de Poesía Concello de Carral no 2009, por *Nós escoitando o badalo de marienplatz.*
- IV Certame de Poesía Erótica Illas Sisargas no 2009, por *Rúa da Cancela*.
- I Premio de Poesía Figurante no 2013, por *Maria*.
- II Premio Lueiro Rey de poesía no 2014, por *Anamnese*.
- XVIII Certame Francisco Añón de Poesía no 2014 por *Doe tanto a túa ausencia*.
- 2º premio do I Concurso de Poesía Centro Recreativo de Artes (2014), por *Diario de fotogramas*.
- Premio Modesto R. Figueiredo en 2014, por *Remexido de patacas*.
- XII Premio Pura e Dora Vázquez de Narración de 2014, por *Bicha*.
- I Premio de Poesía Rosalía de Castro en 2015, por *Café intenso*.
- Premio Torrente Ballester 2016 por *Luns*.
- IV Premio de poesía Gonzalo López Abente en 2017 por *Culpable*.
- Premio Miguel González Garcés 2018 por *Ningunha tortilla é mala*.
- 2º premio no XIV Premio de Narración Curta Concello de Curtis (2019) por *Zetavacas*

# Oroso : Andrea García Martínez




Andrea García Martínez naceu no ano 2000 en Santiago de Compostela, aínda que vive desde nena en Sigüeiro (), onde pasaba o seu tempo imaxinando historias de aventuras e misterio, as cales compartía a través do debuxo e do teatro. No ano 2018 trasládase a Ourense para formarse como ilustradora na EASD Antonio Faílde, onde cursa tamén estudos superiores de Deseño de Interiores. «Animais fantástisco de aldea» (Xerais, 2023), con texto e ilustracións da autora, é a súa primeira obra publicada.

Obra

- Animais fantástisco de aldea (Xerais, 2023) [N GAR ani /v] e eBiblio

  O galiñeiro do señor Benito anda alborotado: as galiñas están fartas de vivir explotadas para acabar servidas no prato dos seus donos. Como vinganza, deciden falar co resto dos animais da aldea e argallar un plan terrorífico que lle porá a carne de galiña á veciñanza de Froxán. Os adultos non atopan unha explicación lóxica aos estraños sucesos que comezan a padecer, pero Xanciño, Nela e Milucho, tres rapaces da aldea, sospeitan algo e deciden embarcarse na resolución do arrepiante misterio.

A autora nas redes

- La Voz de Galicia [Entrevista ]
- Twitter: @andrea_gmtnez
- Instagram: @andrea_gmtnez

# Ortigueira : Sara Vierna




Sara Vierna Fernández é unha educadora, divulgadora e formadora en materias de igualdade e xénero nada en Ortigueira. Diplomada en Educación Social pola **Universidade da Coruña**, Intérprete de lingua de signos española e Máster en Género y Políticas de Igualdad pola **Universitat de València**. Especializouse en coeducación, educación para a igualdade e prevención da violencia de xénero.

No eido da investigación, destaca o seu traballo "Neoprincesas de tocador: Princelandia la construcción del mito de la belleza a través del juego infantil" polo que acadou o **I Premio Olga Quiñones** da **Universitat de València**.

Mais nesta ocasión, queremos destacar o seu labor no proxecto **Con voz de muller**, levado a cabo no **Concello de Ortigueira** e apoiado pola **Deputación da Coruña,** do que **Sara Vierna Fernández** e **Virginia Pañeda Sanz** son creadoras.

O proxecto, que xa leva varias edicións, "consta de dúas fases; unha primeira parte consiste na realización de talleres de empoderamento con mulleres rurais onde durante diferentes sesións imos recollendo as súas historias de vida: o lugar onde viven e viviron, as súas infancias, a súa mocidade, a súa idade adulta e tamén os seus "agoras".

Ao longo deste proceso imos explorando con elas as súas continuas contribucións á comunidade, os posibles malestares derivados do sistema patriarcal e os retos superados con valentía e resiliencia. Nunha segunda parte con todo o material recollido escribimos as súas memorias desde unha perspectiva feminista o que dá lugar á publicación dunha pequena colección con todos os seus testemuños".

Obra

- Con voz de muller : San Adrián de Veiga, 2022. [**LDC/48**].
- Con voz de muller : Couzadoiro, 2022. [**LDC/54**]
- Con voz de muller : Espasante, 2020. [**LDC/17**]
- Con voz de muller : Mera, 2020. [**LDC/18**]
- Con voz de muller : Loiba, 2019 [**LDC/44**]
- Con voz de muller : San Claudio, 2018 [**GAL/17383**]

Artigos

- De que falamos cando falamos de ciberviolencias machistas?: Canle de vídeos da Deputación Provincial A Coruña
- A Ciencia Cierta: proyecto de visibilización de las mujeres pioneras y científicas en los espacios escolares: http://hdl.handle.net/2183/15852

- La educación está en juego: https://procomun.intef.es/articulos/la-igualdad-esta-en-juego-sara-vierna-saravierna

Nas redes

- https://www.facebook.com/saravierna/?locale=es_ES
- @saravierna
- @almasmeraki
- https://almasmeraki.es/
- https://linktr.ee/AlmasMeraki

## Outes : Valentina Formoso Gosende




Valentina Formoso Gosende, nada en Riba de Mar (Tarás, **Outes**), é unha activista na normalización lingüística do noso idoma.

Licenciouse en Filoloxía galego-portuguesa e hispánica. É doutora coa tese "A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representación sociolingüísticas". Tamén é profesora de ensino secundario.

Como activista na normalización do galego creou e dirixiu o departamento de normalización lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia, participou e dirixiu Equipos de normalización lingüística de centros de ensino e a **Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística**.

Obra

- Do estigma á estima : Propostas para un novo discurso lingüístico (Edicións Xerais. 2013) [**GAL/16866**]

Valentina Formoso, pregúntase neste libro cal é o motivo que leva a que pasados trinta anos da aprobación da Lei de normalización lingüística se sigan a oír, da boca dos falantes, afirmacións moi negativas arredor da lingua propia. E ademais de responder a esta cuestión, ofrece tamén alternativas co obxectivo de mudar a situación e de que se free a tendencia desgaleguizadora de hai décadas.

Esta obra baséase en grupos de discusión con mozos e mozas de educación secundaria de distintos contextos galegofalantes que, debido ás actitudes que posúen cara ao seu propio idioma e ás normas de uso social que teñen interiorizadas, mudan do galego ao castelán en determinadas situacións e mesmo abandonan a súa lingua definitivamente.

Cun estilo áxil e manexando argumentos rigorosos, a autora considera que cómpre mudar o imaxinario social do galego para que as persoas galegofalantes decidan conservar a lingua propia. Neste sentido, propón reformular as perspectivas de actuación no ensino, así como certos enfoques na planificación, promoción e normalización do galego, e recolle varias propostas sobre novos discursos e estratexias.

Outras achegas

- Intervención na Xornada "Educación plurilingüe: Situación en Galicia. Relatorio Do marco ás aulas
- Ficha da autora no catálogo de Xerais.
- Web serie "Aquí medra a lingua" (1x03): Os activistas da lingua no IES Félix Muriel de Rianxo.

## Padrón : María dos Anxos González Refoxo




María dos Anxos González Refoxo naceu na Porta dos Mariños no lugar de Pazos, no Concello de **Padrón**.

Estudou Filoloxía Galego-Portuguesa na **Universidade de Santiago de Compostela**, licenciándose na primeira promoción, no ano 1978. Aprobou as oposicións a profesora de ensino secundario o ano 1981, exercendo como profesora en centros de Ferrol, Santiago

e, xa desde o ano 1983, no I.E.S. Elviña da cidade da Coruña, onde é catedrática de Lingua e Literatura.

Realizou traballos de tradución e colaborou na obra colectiva Galicia Eterna. É coautora de Nova gramática para a aprendizaxe da língua e directora, coordinadora e autora de libros de actividades de expresión, construción gramatical e de léxico. Para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia elaborou a Programación didáctica de Referencia para o Ensino Secundario Obrigatorio.

Na utilización de novos métodos de aprendizaxe realiza os guións e as unidades didácticas de dous vídeos sobre temas lingüísticos:...E non chegou a ser palabra sobre afixos léxicos e É. O verbo, editados pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

É coguionista de Canto de permanencia, audiovisual creativo sobre a obra de Uxío Novoneyra, editado pola AS-PG, e de Estrela na alba sobre o pensamento político de Castelao. É guionista do audiovisual De amor e cantería baseado en "Sonetos á casa de Hortas" de Manuel María e editado pola Fundación Manuel María de Estudos Galegos, ademais de guionista e directora do documentario *Andei todos os camiños*.

Varios dos seus traballos audiovisuais foron finalistas dos **Premios Mestre Mateo** e De amor e cantería foi premiado co Mestre Mateo á mellor Obra experimental.

Obra

- Nova gramática para a aprendizaxe da língua, 1988, Vía Láctea.
- Actividades de expresión oral e escrita, 1990, Baía Edicións.
- Actividades de léxico 1 e 2, 1990 e 1991, Baía Edicións.
- Actividades de construción gramatical, 1991, Baía Edicións.
- E non chegou a ser palabra... : afixos léxicos, sufixación e prefixación lexical, 1995, AS-PG. [**GAL/5434**]
- É o verbo: aproximación á narración, 1999, AS-PG.
- Programación didáctica de referencia. Lingua galega e literatura: Educación Secundaria Obrigatoria, 1999 e 2000, Xunta de Galicia.

- Visita a Santiago de Compostela co Club 33, de José Carro Otero, 1979, Caixa de Aforros de Santiago. [Traducción]

Audiovisual:

- Canto de permanencia, 2010, sobre a obra de Uxío Novoneyra.
- Estrela na alba, o pensamento político de Castelao.
- De amor e cantería, obra premiada co Mestre Mateo 2011 á mellor obra experimental.
- Andei todos os camiños, documental.
- Danza do poema emocionado, sobre Manuel María.
- Manuel María. Paixón de palabra e terra, documental finalista nos premios Mestre Mateo 2016.

A autora nas redes

- Ficha da autora na AELG
- Facebook
- Twitter

# A Pobra do Caramiñal : Ana Boullón




Ana Isabel Boullón Agrelo, nada na Pobra do Caramiñal, é unha lingüista, tradutora e autora galega. Dende 2012 é membro correspondente da **Real Academia Galega** e, en sesión do 22 de decembro de 2020, foi elixida académica de número. Leu o discurso de ingreso na Pobra do Caramiñal o 11 de novembro de 2021, contestado por Ramón Lorenzo.

É profesora na **Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela**, os seus traballos académicos xiran en torno ó estudo dos nomes propios, a edición de textos e da lexicografía. Ten participado na elaboración de dicionarios, en congresos internacionais e publicado en volumes colectivos e en revistas de investigación.

No campo da tradución literaria, participou na tradución da colección das series de mitoloxías publicadas por Xerais (romana, viquinga, exipcia, celta), así como outras novelas en Xerais e Alfaguara. É membro da **Asociación de Traductores Galegos** e do Consello de redacción da súa revista, Viceversa, que se edita en colaboración coa Universidade de Vigo.

Obra

Infantil-xuvenil (con Pere Tobaruela)

• A rebelión das rúas (2007).
• A Cruz dos Farrapos (2007).
• Unha vaca marela en Compostela (2008).
• Peregrino na sombra (2009).
• ¿Unha pantasma na cidade? (2009).

Ensaio

• Contribución ó estudo do léxico de Valentín Lamas Carvajal (1986).
• Estudar toponimia : aproximacións metodolóxicas e interpretativas (2017). [**eBiblio** ]
• Todos os nomes : identidade, pobo, país : discurso lido o día 11 de decembro de 2021 no acto da súa recepción... (2021) [**GAL I 154**]

Obras colectivas

• Dicionario normativo galego-castelán (1988).
• Vocabulario comercial básico (1988). [**GAL/125**]
• Dicionario escolar galego (1989).
• Léxico administrativo castelán-galego (1991).
• Diccionario dos nomes galegos (1992). [**806.99 DIC / a**]
• Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro (1992).
• O teu nome (1994).
• Guía bibliográfica da lingüística galega (1996).

• Homenaxe a Pilar Vázquez Cuesta (1996).
• Homenaxe a Ramón Lorenzo (1998).
• Os apelidos en galego. Orientacións para a súa normalización (2016).
• Aproximacións á variación lexical no dominio galego-portugués (2017).

Como editora

• Teatro de máscaras, de Ramón Otero Pedrayo (1989). [**GAL/1044**]
• Na nosa lyngoage galega. A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media (2007).
• Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas (2017).
• Antroponimia e lexicografía (2018).

Como tradutora

• Un ordenador nada ordinario, de Michele Kahn (1990). [**N KAH ord / v**]
• A cripta do apóstolo, de Pere Tobaruela (2010). [**N TOB cri / a**]
• Poñente, de Pere Tobaruela (2011).
• Resurrección, de Lea Tobery (2011).
• Vapor, de Lea Tobery (2014).

## Ponteceso : Diana Varela Puñal




Diana Varela Puñal, nada en Corme (Ponteceso) é unha escritora galega. Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, exerce como avogada.

Algúns dos seus poemas viron a luz na revista Xistral de Lugo, no Anuario Brigantino, Ferrol Xurídico e en El Correo Gallego. Colaboradora dos xornais *Galicia Hoxe* e *La Opinión*.

Obras

Poesía

- Fíos, 2008, Espiral Maior. [**GAL/13876**]
- Animal abismo, 2010, Espiral Maior. [**GAL/15455**]
- Non, amor, 2017, Medulia.

Literatura infanto-xuvenil

- As trovas de Midas, 2011, Galebook, publicado en formato impreso e dixital.

Narrativa

- Fin de Festa, 2015, Laiovento. [**GAL/12347**]
- Diario sen datas dunha aborixe galega (2019). Laiovento.

Premios

- Premio de poesía Díaz Jácome do Concello de Mondoñedo, no 2006..
- Premio de poesía Uxío Novoneyra, do Concello das Pontes, no 2006.
- Premio Estornela de Teatro para nenos, por Arlequino Viceversa, no 2012.
- Premio Xosé Neira Vilas de Novela Curta con A conxura, no 2020.

A autora na Rede

- Ficha da autora na AELG: https://www.aelg.gal/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor393
- Podes achegarte á súa obra: https://asescollaselectivas.wordpress.com/2012/02/09/diana-varela-punal/

## Pontedeume : Eva Veiga




**Eva Veiga** Torre é unha poeta e xornalista galega nacida en Ombre (**Pontedeume**).

Licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela, traballou en *El Ideal Gallego* e na *TVG*, onde desenvolveu unha polifacética e intensa actividade profesional, sobre todo na dirección e presentación de programas culturais.

Neste campo foi dúas veces **Premio TP** e **Premio Galicia de Comunicación**. Así mesmo, presentou e dirixiu para televisión a serie documental sobre a historia da arte galego 'Galicia no Tempo', programa galardoado co **Premio do Colexio de Arquitectos de Galicia** e co **Premio de Honra da Unesco**.

## Obra

### Poesía

- Fuxidíos (1993). [**GAL/4366**]
- Paisaxes do baleiro (1999). [**GAL/8945**]
- A luz e as súas cicatrices (2005).
- Desconcerto (2006). [**GAL/12714**]
- A frecha azul do teixo (2010). [**GAL/15442**]
- Nesta hora imposible (2010).
- A distancia do tambor (2014).
- Soño e vértice (2016).
- Silencio percutido (2017).
- Quérote canto (2020).

### Ensaio

- Santiago : Cidade de peregrinación (2002).
- Alfonso Costa (con Ánxeles Penas) (2008). [**GAL/13623**]

### Traducción

- Herbario, de Elena Poniatowska, incluido no volume A filla do filósofo, 2009. [**GAL/15981**]

### Obras colectivas

- Alguén agarda que volva alí, 1998.
- A rúa e outros relatos, de Gerry Adams, 2000. [**GAL/8858**]
- Alma de beiramar, 2003.

- Intifada: Ofrenda dos poetas galegos a Palestina, 2003.
- Negra sombra: Intervención poética contra a marea negra, 2003. [**GAL/10558**]
- Do máis fondo do silencio saen voces, 2006.
- Volverlles a palabra : Homenaxe aos represaliados do franquismo, 2006.
- A Coruña á luz das letras, 2008. [**GAL/826**]
- Lois Pereiro en 17 voces, 2011. [**GAL/7140**]
- Preludios para Miguel Anxo Fernán-Vello, 2011. [**GAL/16136**]
- Tamén navegar, 2011. [**GAL/16624**]
- VI Encontro de Escritores Galegos : Literatura e proxección exterior, 2012. [**GAL/16342**]
- 150 Cantares para Rosalía de Castro, 2015.
- De Cantares Hoxe : 34 poetas dialogan cos Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, 2015. [**GAL/5019**]
- 6 poemas 6 : Homenaxe a Federico García Lorca, 2015.
- Os aforismos do riso futurista, 2016.
- Poetas na cociña, 2020. [**GAL P 31**]
- Poetas na cociña II, 2021. [**GAL P 38**]
- Poetas na cociña III, 2022. [**GAL P 48**]

Premios

- 1992: **Accesit XII Premio Esquío** de poesía, por Fuxidíos.
- 2011: **Premio Sereo da Cultura Galega** da Asociación Cultural Barbantia.
- 2013: **Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño**, por A distancia do tambor.
- 2014: **Premio AELG á mellor obra de poesía**, por A distancia do tambor.
- 2015: **Premio de poesía do Concello de Carral**, por Soño e vértice.
- 2015: **Premio de Poesía da Cidade de Ourense**, por Silencio percutido.
- 2016: **Premio da Crítica Poética Galega**, por Soño e vértice.
- 2021: **Premio Antón Lousada Diéguez**, por Quérote canto.

A autora di:

Ramiro Torres **Que é para ti a poesia?**

Eva Veiga A poesía primeiro de todo foi para min, e segue a ser, marabilla: ese acontecemento, esa "maxia" pola que as palabras –(des)colocadas nunha orde

(in)determinada- eclosionan nunha nova vida plurisignificativa. A poesía é un espazo libertario, unha quebra do sistema ordinario de pensar, de percibir, de sentir.

Neste senso, a palabra poética non só nos axuda a desvelar a realidade ou nos achega ao descoñecido e aínda ao indicible, senón que a súa propia creación está xa a ser fornecedora dunha outra maneira –máis afectiva, máis crítica- de ollar e de relacionarnos co mundo.

Por outra parte, a poesía ponnos en contacto coa materia máis sutil do noso ser individual e colectivo. O ritmo poético remítenos ao corazón e á orixe. O poema ten unha dimensión vibratoria que nos afecta sempre dalgún xeito e o que di non se pode dicir de ningunha outra maneira.

De todos modos, xa sabemos que a poesía non se deixa delimitar doadamente, mais eu adoro esa definición que fai Luísa Villalta no seu poema "Ritos de resistencia": "Fronte á rutina, o rito da palabra tensa a pel / do mundo: un tambor que desperta".

Entrevista completa aquí . Fonte: Revista Palavra Comum

# As Pontes de García Rodríguez : Medos Romero




Remedios Fernández Romero, coñecida como **Medos Romero**, nada en Somede (**As Pontes de García Rodríguez**), é unha escritora galega. Diplomouse en Enfermaría na Universidade de Santiago de Compostela, e traballou como enfermeira nas Pontes de García Rodríguez e en Ferrol. Na actualidade reside en Lourido (Valdoviño).

Ten colaborado en diversas revistas, como A Xanela e Festa da Palabra Silenciada. Foi unha das poetas que se circunscribiu á chamada **Xeración dos 90** aínda que o fixo por

data de produción, xa que a súa obra comezou a publicarse nos anos clave do boom da poesía escrita por mulleres.

Obra

## Poesía

- Rendéome no tempo (1998).
- Ámome en por min (1999). [**GAL/8474**]
- O peso da derrota (2000). [**GAL/12941**]
- Lenzo das madrugadas (2003)
- O pozo da ferida (2006) [**GAL/12803**]
- A seitura dos tristes (2006)
- Do corpo e a súa ausencia (2010).
- A ansia do lóstrego (2012) [**SD 869.9-1 ROM ans**]
- Hortensia (2020).
- E o sol era Ela (2021). [**GAL P 64**]
- Peixes que esvaran ao unísono [ **GAL P 75**]

## Narrativa

- Dubido se matei a Lena (2000). [**GAL/9248**]
- O trevo da sorte (2003).

## Obras colectivas

- Narradoras (2000). [**3M/17135**]
- Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra (2003). [**GAL/10558**]
- Dez anos de poesía nas Pontes (2013)
- Versus cianuro. Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto (2013)
- 150 Cantares para Rosalía de Castro (2015).

## Premios

- **Premio Miguel González Garcés** no **2006**, por O pozo da ferida.
- **XIX Premio de Poesía Afundación** no **2021**, por O Sol era ela.
- **Premio da Crítica** de poesía galega no **2022**, por O Sol era Ela.

Para saber máis...

- Blog da autora
- Ficha na AELG

# Porto do Son : Blanca-Ana Roig




Blanca-Ana Roig Rechou, naceu en Portosín (**Porto do Son**) e é unha profesora e crítica literaria galega.

Mestra, graduada social, licenciada e doutora en Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago de Compostela. É catedrática de literatura galega na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade compostelá, onde imparte aulas de literatura e literatura infantil galega, textos literarios e literatura de transmisión oral. A súa tese de licenciatura

titulouse Análise da narrativa da colección Lar e a de doutoramento A Literatura infantil e xuvenil galega. Perspectiva diacrónica e análise da actualidade.

En 2011 dirixía un proxecto de investigación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades que se materializa todos os anos na publicación dos Informes de Literatura. Forma parte do **Equipo Glifo**, encargado da realización do Diccionario de termos literarios e do Diccionario do Rexurdimento. Dirixe unha Rede temática sobre as literaturas infantís e xuvenís e a formación lectora no marco ibérico.

Colaborou con diversos traballos en libros colectivos e en revistas como Dorna, Boletín Galego de Literatura, Quimera, Ínsula, Colóquio-Letras, Chorimas, Fadamorgana, Revista Galega do Ensino, Malasartes, Ocnos etc., nos que tratou temas sobre literatura galega e literatura infanto-xuvenil, realizando diversas edicións de obras de autores galegos do XIX e principios do XX, así como a tradución ao galego de diversas obras de creación de autores infantís e de ensaio.

Forma parte do Grupo de investigación Liter21 da Universidade de Santiago de Compostela

## Obra

Ensaio

• A poesía infantil e xuvenil en Galicia, 2000.
• A literatura infantil e xuvenil galega no século XXI: seis chaves para entendela mellor, 2008. [**GAL/14102**]
• Un mar maior e heroico: Cunqueiro en Porto do Son, 2011.

Obras colectivas

- Contra morte e amor, de Marina Mayoral, 1987.
- Xulián Magariños Negreira. Un home da Época Nós, 1988. [**GAL/223**]
- Maxina, de Marcial Valladares, 1991.
- Antón Avilés de Taramancos, 2003.
- Informes de Literatura. [**GAL/7004**, **GAL/7368**, **GAL/7859**, **GAL/8551**, **GAL/9261**, **AO/324**, **AO/398**, **AO/399**, **AO/510**]

- A memoria das guerras na literatura infantil e xuvenil en lingua galega: antoloxía, 2004.
- Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na literatura infantil e xuvenil do marco ibérico, 2005.
- Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico, 2005, Universidade de Santiago de Compostela.
- Multiculturalismo e identidades permeábeis na literatura infantil e xuvenil, 2006. [**GAL/2246**]
- Grandes autores para pequenos leitores, 2007.
- Teatro infantil. Do texto á representación, 2007.
- A Guerra Civil Española na narrativa infantil e xuvenil, 2008.
- A poesía infantil no século XXI (2000-2008), 2009.
- A Santiago. Relatos de Camiño infanto-xuvenís, 2010.
- Itinerario de lecturas. De camiño a Compostela pola Literatura Infantil e Xuvenil, 2010.
- Maré de livros, 2010.
- Reescrituras do conto popular (2000-2009), 2010.
- O Álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010), 2011. [**GAL/15957**]
- A narrativa xuvenil a debate (2000-2011), 2012. [**GAL/16598**]
- Premios Literarios e de ilustración na LIX, 2013.
- Inmigración/Emigración na LIX, 2014.
- Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega, 2015. [**GAL/12030**]
- Reflexos das dúas guerras mundiais na LIX, 2016.
- As mulleres como axentes literarios na LIX do século XXI, 2018.
- Cómic e literatura, 2022. [**GAL I 198**]

Edicións

- Follas Novas, de Rosalía de Castro, 1990.
- María Victoria Moreno. Nun lugar de Galicia, 2018. [**GAL I 16**]
- María Victoria Moreno. Palabra fértil no tempo, 2018. [**GAL I 168**]

Traducións

- Cipi, de Mario Lodi, 1989.
- Aquela Xulia Redfern, de Eleanor Cameron, 1990.

Premios

- **Premio Fervenzas literarias** ao mellor libro de ensaio e investigación de 2015, por Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega.
- **Premio da Crítica Galicia de Investigación** de 2015, por Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega.

A autora nas redes

- Webs persoais da USC
- Ficha da autora na AELG
- La Voz de Galicia (01/03/2015) [Entrevista ]

## Rianxo : Esther F. Carrodeguas




Esther F. Carrodeguas é actriz, directora, perfomer pero sobre todo: escritora. Rianxeira de pura raza, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. Tamén o seu estilo cabalga sobre o espazo liminal que separa os xéneros.

Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e Licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben moito da súa faceta xornalística.

Directora durante anos da histórica compañía galega Teatro Airiños, tras levar o Premio Abrente para textos teatrais en 2015 decide dar vida á plataforma profesional ButacaZero xunto a Xavier Castiñeira, quen adoita asumir a dirección dos proxectos comúns.

Membro do consello de redacción da Revista Galega de Teatro e organizadora xunto a Santiago Cortegoso do Torneo Galego de Dramaturxia, na actualidade compaxina a súa faceta como empresaria en ButacaZero coa de ser dramaturga, directora teatral, docente ou guionista de cinema.

Obra

• Collage (2011).

• Voaxa e Carmín (2016). [**FGE/564**]

• Na butaca (Fantasía nº 3 en Dor Maior) (2017). [**GAL P 56**]

• Barbarie en branco e negro (2018).

• Loló e Mamá (2018).

• Fantasía nº 5 en Sol ou Non en Neorretranca e Posmorriña (2019).

• República sideral (2021). [**GAL T 7**]

Tamén publicou textos en revistas literarias.

Participación en obras colectivas

• Libres e vivas (2021). [**GAL/17734**]

• Antoloxía de teatro galego contemporáneo (2022) [**GAL T 6/1 e GAL T 6/2**]

• Airiños : 90 anos de teatro do pobo (2023). [**LDC/65**]

Recoñecementos

• 2015: X Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia. [Voaxa e Carmín]

• 2017: Finalista ao mellor texto orixinal nos XXI Premios de Teatro María Casares. [Voaxa e Carmín]

• 2019: Finalista ao mellor texto orixinal nos XXIII Premios de Teatro María Casares. [#camiños]

• 2020: XIV PREMIO Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos. [República sideral]

• 2023: Finalista do premio a Mellor autoría teatral da XXVI edición dos Premios Max [Supernormales]

Nas redes, podes atopala como:

- Twitter: @_carrodeguas
- Facebook: Esther F. Carrodeguas

# Ribeira : María Xesús Blanco




